

Comadres

Spasmo 2009

Comadres

Adaptación de “*Les belles-soeurs*” de Michel Tremblay
En versión de Itziar Pascual: “*Las Cuñadas*”.

DRAMATIS PERSONAE

1. *Catarina Pérez Davila*.....ENCARNA FERREIRO.
2. *María Vieites Rivera*.....LINDA RAMOS FERREIRO (Filla de Encarna).
3. *Sara Pérez Veloso*.....ROSA FERREIRO. (Irmá de Encarna)
4. *Carolina M^a Mencía Renda*.....VALENTINA FERREIRO. (Irmá de Encarna e Rosa.)
5. *Iratxe Tapia Jara*.....HELENA DA PORTELA.
6. *Mariña Río Mallo*.....PILAR FARTO.
7. *Rosalía Fernández Caballero*.....LUISA PRADOLONGO.
8. *Lucía Cerezo Álvarez*.....MARÍA DAS NEVES AMORÍN.
9. *Mirian Álvarez Pereira*.....MAITE BATALLÁN. (Cuñada de Encarna Ferreiro.)
10. *Saray Temes Cuevas*.....CATALINA DAPENA. Sogra de Maite Batallán.
11. *Lorena Durán Vello*.....ANGELINES VEIGA.
12. *María Quinteiro González*.....SONSOLES BRAVO.
13. *Blanca Ramos Martín*.....MARIBEL PINTELOS.
14. *Marta Paredes Torres*.....PAQUITA FERREIRO. (Irmá de Encarna, Rosa e Valentina.)
15. *Ana Jariod Gómez-Aller*.....VOZ EN OFF (dunha veciña).

Responsable: Bernardino Gándara Merino.

SINOPSE:

Encarna Lozano gañou o concurso dun almacén pertencente a unha cadea de establecementos, “Cupón Casa Moderna”. O premio: un millón de cupóns. Logo de pegalos nas súas cartillas nun determinado prazo, Encarna poderá obter totalmente gratis montóns de cousas coas que soña poder cambiar a súa vida. Para que a axuden, organiza unha xuntanza de mulleres e invita ás súas irmás, á súa cuñada e veciñas. Cando todas coinciden na modesta cociña do piso de Encarna, a envexa, os segredos e os chistes aparecen. Ao final, a avaricia e arrogancia de Encarna levan á ruína o seu soño.

Nun principio, tras o comezo do novo curso e o éxito de *Presas*, só buscaba unha obra que mantivera as moi motivadas expectativas de todo o grupo de bacharelato e que, por certo, só estaba integrado por alumnas. Caeu nas miñas mans a noticia dunha obra de teatro que se representaba no Teatro español de Madrid, baixo a dirección de Natalia Menéndez. Chamábase *As cuñadas*, versión de Itziar Pascual dunha obra de Michel Tremblay (*Les belles soeurs*, 1968), un dramaturgo canadense. No seu reparto había quince mulleres! E todo acontecía no pequeno espazo dunha cociña! Non busquei máis; tan só faltaba saber de que trataba e se, como esperaba, podía “engancharnos”. Merquei a obra, e contactei con Itziar Pascual, quen moi amablemente me enviou o libreto en Word. Logo tocou falar con Natalia Menéndez que me animou e me remitiu ao Centro de Documentación Teatral, e así puidemos ver unha grabación da mesma. Era complexa, pero adaptámola. Cambiamos o nome da obra e o das protagonistas buscando facela máis próxima. Era esixente, por exemplo, pedía algo que poucas veces esiximos en teatro escolar: unha presenza case ininterrumpida das actrices en escena, durante hora e media. Pero lanzámonos, e o motivo tamén está nas propias palabras de Natalia Menéndez e Itziar Pascual:

*Tremblay enche o escenario de mulleres. Son mulleres que viven unha vida cotiá decepcionante e rutinaria; amas da casa de mediana idade, esposas, nais e coidadoras sen soldo e sen estima, que se erguen rodeadas de ingratidade e déitanse coa vulgaridade. As ataduras da relixión católica. Os prexuízos sexuais e a opresión familiar son algunhas das súas escravitudes. Aprenderon a estirar o soldo do marido igual que estiran o dobradiño das súas saias; con imaxinación e en soidade. Fuxir desa mediocridade só é posible para elas soñando cun golpe de sorte. Por iso os concursos son a única esperanza dun mundo de luxo posible. Un millón de cupóns está en xogo. Pero a sorte, sabémolo, non é constante... “As cuñadas” (para nós “**Comadres**”) é unha homenaxe ás mulleres que no seu momento levaron a cabo a súa propia revolución tranquila. Mulleres inspiradas seguramente nas veciñas de Plateau Mont-royal, o barrio popular de Montreal onde Tremblay naceu e se criou. Mulleres que mataban as horas pegando cupóns e escoitando a radio. Mulleres que falaban, como os personaxes de Tremblay, cunha voz descarnada e intensa.*

Cambiaron moito as cousas nestes corenta anos para as mulleres. Pero esta recreación axúdanos a lembrar onde estabamos hai catro décadas. Para non perder de vista o que temos conseguido e non renunciar ao que temos pendente.

Só me resta dedicar estas **Comadres** a todas as mulleres que viven con humor e tenacidade, como as nosas nais; e vaia tamén por elas, as rapazas de Spasmo, que marchan.

Berni.

Comadres

Spasmo 2009

Un escenario onde só vemos unha mesa no centro e catro cadeiras descolocadas, unha neveira na parte dereita e un aparador na parte esquerda cun teléfono e unha lámpada. Tres caixas de bo tamaño ao fondo. Levan unha etiqueta que di: Cupón Casa Moderna.

(*Entran LINDA RAMOS FERREIRO e MARIBEL PINTELOS.*)

MARIBEL PINTELOS: E mira que eu pensei que estaba escoitando todo o que lle dicía, pero non. E sabes como me dei conta?

LINDA RAMOS: Pero Maribel, calquera se despista! E mais contigo, que tés unha leria!

MARIBEL PINTELOS: Non Linda, Uxía está rarísima! Ben, pero xa falarei con ela,... agora teño que contarte algo moi serio... sabes...?

(*Descobren as tres caixas no chan da cociña.*)

LINDA RAMOS FERREIRO: Deus, pero que é isto? Mamá!

MARIBEL PINTELOS: Ho! Non me interrompas! Son caixas! Eu teño a cociña chea de botellas!

ENCARNA FERREIRO: (*Desde outro cuarto.*) Linda, Es ti?

LINDA RAMOS FERREIRO: Si. Que fan estas caixas no medio da cociña?

ENCARNA FERREIRO: Son os meus cupóns!

LINDA RAMOS FERREIRO: Xa chegaron?! Pois si que se deron présa!

MARIBEL PINTELOS: Cupóns? Que cupóns?

(*Entra ENCARNA FERREIRO.*)

ENCARNA FERREIRO: A que si? Non o esperaba. (*Repara en Maribel, non lle fai gracia vela coa súa filla.*) Hola Maribel. Pois verás Linda, esta mañá acababas de saír e chamaron á porta. Abro. Era un mocetón...! Gustaríache, Linda. É dos que che van. 22 ou 23 anos, alto, moreno... Un mozo aposto. Pregúntame: “Dona Encarna Ferreiro, a señora da casa?”. Dígolle que son eu, servidora. Dime, “Teña os seus cupóns”. Entráronme uns nervios, imaxina... E aínda por riba entran dous rapaces e meten as caixas na casa. Despois o mocetón soltoume unha especie de discurso... ¡Que ben falaba! Gustaríache, Linda...

LINDA RAMOS FERREIRO: Si, pero que dicía?

ENCARNA FERREIRO: Non sei, non podía atender,... estaba tan nerviosa... Díxome que “Cupóns para un Fogar Moderno” estaba encantado de que fose a gañadora do millón de cupóns... E que era moi afortunada... “O que precisa o seu fogar, elíxao sen pagar”. Podíalle dicir algo... pero non lle dei nin as grazas!

LINDA RAMOS FERREIRO: Que chea de cupóns! Tres caixas!

MARIBEL PINTELOS: As tres caixas están cheas de cupóns?

ENCARNA FERREIRO: Duas. A terceira é para as cartillas. Tiven unha idea, Linda. Non podemos pegalas nós soas. Saes esta tarde?

LINDA RAMOS FERREIRO: Si. Roberto ten que chamarme...

ENCARNA FERREIRO: Non podedes quedar mañá? Verás... chamei ás túas tías, á irmá do teu pai e ás veciñas. Inviteinas que viñesen pegar cupóns esta tarde. A festa do cupón! A que é unha boa idea?

LINDA RAMOS FERREIRO: Mamá, sabes que os xoves imos ao cine!

ENCARNA FERREIRO: Non podes deixarme soa. Ti tamén podes quedar Maribel! Imos ser polos menos quince!

LINDA RAMOS FERREIRO: Estás tola! Se sabes que non podes usar a casa, porque están pintando! Como ides caber quince na cociña? Mamá, ás veces parece que non tes cabeza!

ENCARNA FERREIRO: Moi ben filla, faime este feo! Si señorita, sae e fai as túas cousas! Coma sempre vas ao teu? Que noxo de vida! Danche unha alegría e sempre hai alguén disposto a facerche a puñeta! Ti vai ao cine, filla, sae esta tarde e goza! Ti ao teu!

LINDA RAMOS FERREIRO: Mamá, por favor, perdoa! Non me fales así diante de Maribel.

ENCARNA FERREIRO: Non me dirixas a palabra. Nin unha máis! Mátaste para sacar todo a adiante... E que tes a cambio? Nada! Advírtocho, Linda, estou ata as orellas de tirar soa do carro. Non son a chacha da familia. Teño un millón de cupóns que pegar e non podo facelo soa. E ademais, estes puntos vannos vir ben a todos! Mira, o teu pai traballa de noite e prometeu axudarme mañá se non terminamos hoxe. Non pido a Lúa, a que non Maribel?

MARIBEL PINTELOS: *(Asustada.)* Non señora.

ENCARNA FERREIRO: Por unha vez axúdame e non vaias facer o idiota con ese papón! *(Sae buscar unha cadeira)*

LINDA RAMOS FERREIRO: *(Berra para que a súa nai a escoite.)* Non é un papón, mamá...

ENCARNA FERREIRO: *(Entra coa cadeira)* ¡Xa estamos! Xa sabía eu que eras un pouquiño inxenua. Pero non ata ese punto! Aínda non te deches conta de que Roberto é un paspán? O único que pode pagarche é o Cine Gran Vía os xoves pola tarde! Dígocho eu, Linda, faille caso á túa nai. Vas casar cun zapateiro remendón para ser unha “sen-cartos” toda a túa vida? *(Sae buscar outra cadeira.)*

LINDA RAMOS FERREIRO: *(Berra para que a súa nai a escoite.)* Basta mamá! Cando te ofuscas non sabes o que dis. Está ben, quedarei na casa, pero deixa de amolarme. Polo amor de Deus! Ademais, a Roberto vanlle subir o soldo. O seu xefe díxome que poida que o ascendan! Vou avisalo. *(Encarna entra coa cadeira)* Dígolle que veña pegar cupóns?

ENCARNA FERREIRO: O que hai que oír! Dígoche que non o aguanto, e aínda por riba queres invitalo! Pero por Deus! Aquí hai que dicir as cousas vinte veces? Díxenche que fago unha festa de mulleres, Linda, só de mulleres. E que eu saiba, o teu querido Roberto non é unha ghicha! *(Sae.)*

LINDA RAMOS FERREIRO: Vale, mamá, dígolle que non veña e acabouse. *(A Maribel.)* Aquí non se pode falar! A pegar cupóns logo dun día enteiro na tenda! E agora a arranxar o salón! E encima estará oíndo todo o que lle digo! *(Marca un número de teléfono)* Si? Quería falar con Roberto, por favor... Cando volve?... Moi ben, dígalle que o chamou Linda... Grazas, moitas grazas señor Pastor. Adeus. *(Colga. O teléfono soa de inmediato.)* Diga? Mamá, é para ti!

ENCARNA FERREIRO: *(Volvendo entrar na habitación.)* Con vinte anos non sabes que se di: “Un momento, por favor”, cando se contesta ao teléfono!

LINDA RAMOS FERREIRO: Pero se é a Tía Rosa. Non sei por que hai que ser tan fina.

ENCARNA FERREIRO: *(Tapando o auricular)* Cala! ¡Mira que se te oíu!

LINDA RAMOS FERREIRO: Dáme igual! *(LINDA, axudada por MARIBEL, empeza a dispor a cociña para a chegada das mulleres. Farao mentres a súa nai fala por teléfono, e non deixará de rosmar con Maribel. Logo, sairá con ela e indicarlle á súa nai que volverán axiña: van por tabaco.)*

ENCARNA FERREIRO: Dígame? Rosa, Es ti? Si, xa chegaron. Que axiña, verdade! Un millón! Aquí están, diante miña, non o creo. Son un millón, que non é moco de pavo! Si, meteron tamén o catálogo. Tiña un, pero este é novo, así que mellor... *(Pídelle a Linda o catálogo.)* O meu xa está moi sobado. Trae unha chea de cousas estupendas, tes que velas. *(LINDA e MARIBEL saen)* É increíble. Creo que podo pedir o catálogo enteiro. Vou cambiar todos os mobles da casa. Unha estufa, o frigorífico, a batería de cociña... Pedirei a de cor rosa con estreliñas douradas. Non te das conta cal é?... É preciosa! Pedirei as potas, o xogo de coitelos, a vaixela, a aceiteira, o saleiro, a vinagreira, os vasos de cristal do modelo Capricho, que bonitos!... Elena da Portela colleunos o ano pasado. Di que pagou moitísimo por eles...

Pois eu vou nos ter gratis! Que? Claro que vén esta tarde! Vou facer un dormitorio de estilo victoriano. As mesiñas, a cómoda, os butacóns, as cortinas *certopelo* a xogo coa tapicería... Non, de flores non, que lle levanta dor de cabeza a Henrique cando dorme... Vou ter un dormitorio fabuloso! Para o cuarto de estar vou pedir o tocadiscos, a televisión, a alfombra de pelo sintético, as figuras de porcelana... E tamén vou pedir as copas de cristal soprado! Si, como os da túa comadre Marisa. Bo, eu diría que estes son máis monos! Non está mal para o salón, eh? Con cinzeiros de pé, lámpadas... Hai unha maquina de barbear eléctrica para Henrique, cortinas de ducha... Que? Si, pedirei que ma instalen. Dana cos cupóns! Unha bañeira, un lavabo novo, un traxe de baño para cada un... Non, non, non, que dis de demasiado gorda, non empeces outra vez... Tamén vou pór nova a habitación de Linda... Moi ben. Xa verás todo no catálogo. Ven pronto, que as demais están ao caer! Díxenlles que non tardasen. (*Entra PILAR FARTO.*) Déixote, que xa chegou Dona Pilar. Ata agora.

PILAR FARTO: En dúas palabras, señora Encarna: Que envexa!

ENCARNA FERREIRO: Vostede cre? Hoxe é un gran día! Descúlpeme, aínda non estou lista. Estaba falando coa miña irmá Rosa e estábaa vendo pola fiestra... Vémonos dun lado a outro da rúa, é tan cómodo...

PILAR FARTO: Ah, Pero ela vén?

ENCARNA FERREIRO: Non se perdería unha tarde coma esta por nada do mundo. Sente e se quere pode ir vendo o catálogo. Hai cousas fabulosas. Vouno pedir todo, Dona Pilar. Todo o catálogo!

(*ENCARNA FERREIRO entra na súa habitación.*)

PILAR FARTO: Non terei eu esta sorte! Non caerá esa bévera! Non! Eu comerei merda o resto dos meus días. Un millón de cupóns! Unha casa enteira! Se non me conteño choro a bágoa viva. Que fixo Encarna Ferreiro para merecer algo así? Nada. Nada de nada. Non é máis guapa nin máis educada ca min. Non se merece esta sorte. Non deberían existir os concursos. Tiña razón o párroco, o outro día, cando dicía que debían de ser abolidos. Por que ela pode gañar un millón de cupóns e eu non?, eh, por que? Non é xusto. Eu tamén traballo, eu tamén soporto aos meus fillos. É máis, os meus fillos van máis limpos que os seus. Traballo como unha negra; así estou que parezo o pao dunha escoba. Ela en cambio está como unha foca! E encima terei que rirlle as grazas. Porque é das que queren facerse a graciosa. Non a aguanto. Vaia hiena! Imos ter que aguantarlle nos próximos anos a historia dos cupóns. E encima matarame de fame! Non é xusto. Mátome a traballar para nada! A miña vida é unha merda! Unha merda! Estou farta desta noxenta vida de merda!

(*Entran VALENTINA FERREIRO, ROSA FERREIRO, LUÍSA PRADOLONGO e ELENA DA PORTELA. Traen cada unha a súa cadeira e instálanse na cociña sen prestar atención a PILAR. As cinco mulleres diríxense ao público. Cambia a iluminación.*)

(Cantando.)..... **UNHA VIDA DE MERDA**

Adaptación a partir da musica da película *chicago - cell block tango*

As CINCO MULLERES: ¡Unha asquerosa vida de merda!

CANCIÓN: *Vida de merda, vida de merda, nacín muller que vou facer!
Son unha escrava, comadre as veces; dime muller, quen queres ser?*

As CINCO MULLERES: Luns!

ELENA : Cos primeiros raios de sol e os trinos dos estorniños...

ROSA: Arriba, o almorzo! Torradas, café, galletas, Nesquik! ¡Os nenos ao colexio, o marido a traballar!

PILAR FARTO: O meu non, porque é máis vago que a chaqueta dun garda. E aí queda. Roncando.

ROSA: ¡E ala, a fregar, e a lavar! ¡A escurrir, e a aclarar! ¡E ponte a cociñar que a familia xa está aquí!

As OUTRAS CATRO MULLERES: ¡O cocido, as patacas, os filetes, as natillas!

ROSA: E márchanse outra vez, e a casa do revés!

VALENTINA: Cando chega a hora da cea aínda é peor. Comen mirando á televisión. Que espanto!

*CANCIÓN: Vida de merda!, vida de merda! Estou xa farta de traballar,
E se estiveras nos meus zapatos aprenderías o que é suar!*

As CINCO MULLERES: Martes!

ELENA : Cos primeiros raios de sol e os trinos dos estorniños...

LUISA: E volta, a empezar! ¡ Arriba, o almorzo! Torradas, café, galletas, Nesquik! ¡Os nenos ao colexio, o marido a traballar! Os martes toca ferro e case non chego a cociñar.

PILAR: Cun montadiño de xamón se apañan perfectamente. Total, se tragan sen mastigar...

LUISA: ¡Camisas, pantalóns, calzóns e camisetas! Prepara outra cea que a familia xa está aquí! E veña traballar!

As OUTRAS CATRO MULLERES: Discutir e pelexar, ver a tele e a durmir!

ELENA: Como era o refrán...? A familia que discute unida, permanece unida?

*CANCIÓN: Vou o mercado e compro peixe, arranxo os baños, limpo o salón,
Preparo a cea, berran os nenos, calquera cousa sería mellor!*

As CINCO MULLERES: Mércores!

VALENTINA: É día de mercado. E tócame ir comprar. Deixo os riles e non o aguanto. Me cago en todos!!

As OUTRAS CATRO MULLERES: Xoves e venres: máis do mesmo!

VALENTINA: Por que me mato a traballar para esta panda de descerebrados? Eh? Por que?

As OUTRAS CATRO MULLERES: Sábado!

ELENA: É fin de semana: toca visita familiar. Os nenos dan a lata, e a miña sogra está moi vella.

*CANCIÓN: Son unha escrava!, comadre as veces!, dime muller, quen
queres ser?*

Cambia a disposición das mesas no escenario.

(A iluminación volve ser normal. Todas sentan de golpe.)

ELENA DA PORTELA: Pois eu, cando estiven nas Américas...

ROSA FERREIRO: E veña o cántaro á fonte coa ditosa América! Xa temos para toda a tarde. Cando empeza non acaba! Vaise crescendo, vaise crescendo e logo non hai quen a pare!

(Entra MARÍA DAS NEVES AMORÍN. Saúdos breves e corteses.)

ELENA DA PORTELA: Só quería dicir que en América non teñen cupóns. Teñen, pero non coma estes. Alí colecciónanos.

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Que pena! E non teñen agasallos coma nós? Debe ser terrible vivir en América!

ELENA DA PORTELA: Non creas. Alí viven moi ben.

PILAR FARTO: Eu estou en contra dos cupóns, e iso que me veñen fenomenal. Se non é por eles aínda estou esperando o chisme ese para picar a carne. Pero estou en contra dos concursos!

ELENA DA PORTELA: Por que? Os concursos traen a felicidade ao fogar!

PILAR FARTO: Non digo que non, non digo que non, pero, que coño, as familias que viven preto dese fogar págano moi caro!

ELENA DA PORTELA: Que descaro Dona Pilar! Non está de máis falar con propiedade! Fíxese en min!

PILAR FARTO: Pois eu falo como podo e digo o que me sae! E máis nada! Eu non fun a América, e non me obrigo a falar ben!

ROSA FERREIRO: A calar as dúas! Non viñemos aquí a faltarnos e armala! Como sigades así, vólcome a casa!

VALENTINA FERREIRO: Pero que demos fai Encarna, que non vén? *(Berra.)* Podemos empezar a pegar os cupóns?

ENCARNA FERREIRO: *(Desde a súa habitación.)* Non! Xa vou, non empededes aínda! Vós dádlle ao pico!

VALENTINA FERREIRO: Coma se fose tan fácil...

(Soa o teléfono.)

ROSA FERREIRO: Deus, que espanto! Diga! Non, non está, pero non tardará moito, un momento. *(Deixa o auricular descolgado, sae ao limiar da porta e grita)* ¡Linda! ¡Linda! ¡O teléfono, para ti!

ELENA DA PORTELA: E que, señora Pradolongo, está contenta a súa filla Claudinita coa voda?

LUÍSA PRADOLONGO: Que se está contenta? Está feliz.

VALENTINA FERREIRO: Onde foron?

LUÍSA PRADOLONGO: Ben, el gañou unha viaxe ás illas Hawai e iso animounos a decidirse...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Onde está Hawai?

ELENA DA PORTELA: Xusto pasamos por alí, o meu marido e eu, na nosa última viaxe ás Américas... Aquilo é fabuloso. As mulleres só se poñen unha saia para saír á rúa.

ROSA FERREIRO: O país perfecto do meu marido!

ELENA DA PORTELA: Pois é xente cocha (porca) en grao sumo! Non se lavan, xa vedes!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Teñen pinta de sucios. Á cubana de aquí á beira cántalle os aleróns que dá medo!

(As mulleres bótanse a rir.)

ELENA DA PORTELA: *(Insinuando.)* Fixástesvos o luns na súa corda de tender?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Non. Por que?

ELENA DA PORTELA: Non había bragas!

PILAR FARTO: Non!

ELENA DA PORTELA: É para non dar crédito. Pero fixédevos o vindeiro luns.

LUÍSA PRADOLONGO: Eu creo que cheiran mal!

PILAR FARTO: Poida que tenda as bragas na casa, Porque lle dá vergoña!

(Todas as demais rinse)

ELENA DA PORTELA: As americanas non saben o que é a vergoña. Basta con ver as súas películas. É pavoroso. Bícense en plena rúa, sen ningún pudor. De natural son así! Fixádevos na filla da cubana cando van buscala os seus chorvos, digo os seus amigos. É indecente o que fai esa moza. Unha auténtica indecencia. Por certo, Dona Rosa, o outro día vin ao seu fillo Miguel...

ROSA FERREIRO: Espero que non fose con esa pendanga!

ELENA DA PORTELA: Pois si, precisamente.

ROSA FERREIRO: Non pode ser!

ELENA DA PORTELA: Si que pode ser, os cubanos son veciños meus. Estaban no balcón... Pensarán que estamos cegos...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: É verdade, eu tamén os vin. Dábanse o lote que...

ROSA FERREIRO: Eramos poucos e pariu a avoa! Non tiña bastante cun porco na casa! Dígoo polo meu marido... Se ve unha rapaza nova e loura na televisión... Vólvese tolo! Que porcos! Todos os Pereira son iguais, sempre queren máis, sempre queren máis...

VALENTINA FERREIRO: Déixao Rosa, que necesidade tes de contar a túa vida privada diante de todas...

ELENA DA PORTELA: Pero se a nós interésanos?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN e PILAR FARTO: ¡Xa o creo, e moito!

LUÍSA PRADOLONGO: Pois volvendo á lúa de mel da miña filla...

(Entra ENCARNA FERREIRO toda endomingada.)

VALENTINA FERREIRO: Ángela María como te arranxaches! Vas de voda?

ENCARNA FERREIRO: Xa estou aquí! *(Saúdos: Bos días!, como estás?, etc.)* De que estabades falando?

PILAR FARTO: Dona Luísa estábanos contando a viaxe de noivos da súa filla Claudinita.

ENCARNA FERREIRO: Si? E que vos dicía?

LUÍSA PRADOLONGO: Pois dicíalles que foi estupendo. Estiveron nas illas Hawai e en Nova York. Estaba contando unha anéxota...

ENCARNA FERREIRO: Dígalle á súa filla da miña parte, señora Pradolongo, que lle desexo o mellor. Non nos invitou ao banquete, pero podemos superalo! *(Silencio cortante)*

VALENTINA FERREIRO: Vaia! Se xa son case as sete! O rosario!

ENCARNA FERREIRO: A miña novena a Santa Teresa! Onde está? Vou buscar o transistor onde Linda... *(Ela sae)*

PILAR FARTO: Que lle pode pedir a Santa Teresa? Co que gañou!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Poida que os seus fillos estean enfermos...

VALENTINA FERREIRO: Non creo, diríamo...

ENCARNA FERREIRO: *(Desde a habitación de Linda)* Onde deixaría a radio?

ROSA FERREIRO: Pois non sei Tina, ás veces a nosa irmá cala as cousas...

VALENTINA FERREIRO: A min cóntamo todo. Contigo é distinto, como es tan cotilla...

ROSA FERREIRO: Como? Non son máis cotilla ca ti!

VALENTINA FERREIRO: Se nunca puidiches gardar un segredo!

ROSA FERREIRO: Oe bonita: Se te cres..

ELENA DA PORTELA: Non era vostede a que dicía que non viñera aquí a rifar?

ROSA FERREIRO: Vostede ao seu! Para empezar, non dixen rifar, dixen armala!

(ENCARNA FERREIRO regresa cun aparello de radio.)

ENCARNA FERREIRO: Que pasa aquí? Os berros óense desde a outra punta da casa!

VALENTINA FERREIRO: Quen vai ser? A nosa irmá, para variar.

ENCARNA FERREIRO: Acouga Rosa! Se ti es a que anima todas as festas... Non empeces a armala!

ROSA FERREIRO: Védelo, na familia dicimos armala!

(ENCARNA FERREIRO acende a radio. Escóitanse os avemarías do rosario. Todas as mulleres se axeonllan. Tras cinco ou seis avemarías, escóitase un ruído moi forte que vén de fóra. Todas as mulleres pónense a berrar e asoman para ver que pasa.)

ENCARNA FERREIRO: Deus, a sogra da miña cuñada, caeu desde o terceiro piso!

LUÍSA PRADOLONGO: Fíxose dano, señora Catalina?

VALENTINA FERREIRO: Cala, Luísa! A señora estará agonizando!

MAITE BATALLÁN: *(De lonxe.)* Atópase ben, señora Catalina? *(Escóitase unha especie de estertor.)* Vou quitarlle a cadeira de rodas de encima. Así mellor, verdade? Xa lle axudo. Pero señora Catalina, poña da súa parte! Non se deixe caer! Vaca inmunda!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Baixo e axúdolles, señora Catalina.

MAITE BATALLÁN: Grazas, é vostede un anxo...

ROSA FERREIRO: Apaga a radio, Encarna, que estou dos nervios!

ENCARNA FERREIRO: Xa, E a miña novena, que?

VALENTINA FERREIRO: Xa terminarás a túa ditosa novena mañá ou pasado.

ENCARNA FERREIRO: Si, pero a miña novena son nove semanas! *(Entran MAITE BATALLÁN, MARÍA DAS NEVES AMORÍN e CATALINA DAPENA na súa cadeira de rodas.)* Non foi nada, grazas a deus!

MAITE BATALLÁN: Xa está afeitada. Cae da cadeira de rodas unhas dez veces ao día. Uff! Subir a pulso esta cadeira tres pisos ten o seu! Tes algo de beber, Encarna?

ENCARNA FERREIRO: Tina, dálle un vaso de auga a Maite. *(Achégase a CATALINA DAPENA)* Como está, señora Catalina?

MAITE BATALLÁN: Non te achegues moito, Encarna, que morde!

(CATALINA DAPENA intenta darlle un bocado.)

ENCARNA FERREIRO: Tes razón Maite, que perigo!

LUÍSA PRADOLONGO: E fai moito que morde?

MAITE BATALLÁN: Apaga a radio Encarna, que me vai dar un ataque! Logo do que pasou estou nerviosísima.

(ENCARNA apaga a radio de mala gana.)

MAITE BATALLÁN: Xa non podo máis! *(Aproveita e cambia de calzado.)* Desde que me encargo da miña sogra, non saben que vida levo! Ah! Non é que non a queira, pobre, dáme pena, pero é tan mala persoa, tan caprichosa, tan egoísta! Hai que estar detrás dela sempre!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Pero por que non a deixastes no hospital?

MAITE BATALLÁN: Alí non a queren! Ao terceiro día déronlle a alta!

PILAR FARTO: A Nai de Deus!

LUÍSA PRADOLONGO: É tremendo!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Xa está ben!

(Durante o relato de MAITE BATALLÁN, ENCARNA FERREIRO abre as caixas e distribúe cartillas e cupóns.)

MAITE BATALLÁN: Tivémola que traer para casa. Que cruz! Ten noventa e tres anos! Hai que atendela como a un recién nacido! E a min tócame vestila, espila, lavala...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Deus bendito!

LUÍSA PRADOLONGO: Pobre!

MAITE BATALLÁN: Hoxe díxenlle a Pablo, o meu fillo, o pequeno: Mamá vai á compra; coida da avoa, estate pendente. Ben, pois cando volvín, a miña sogra tirou encima todo o tarro de marmelada e estaba xogando con el como unha porca. Pablo, naturalmente, largouse! Tiven que limpar a mesa, fregar todo o chan, a cadeira de rodas...

LUÍSA PRADOLONGO: E a señora Catalina?

MAITE BATALLÁN: Alí A deixei boa parte da mañá! Así aprenderá! Se se porta coma un neno, tratarémola coma un neno.

ENCARNA FERREIRO: Deus, Maite! Como te compadezo!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Maite, es un anaco de pan!

VALENTINA FERREIRO: É demasiado boa!

MAITE BATALLÁN: Que queredes, fillas, hai que gañarse o ceo!

PILAR FARTO: Telo gañado a pulso!

MAITE BATALLÁN: Pero non me queixo! Sempre digo que Deus aperta, pero non afoga...

ELENA DA PORTELA: Vou chorar!

MAITE BATALLÁN: Dona Helena, contéñase!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Só podo dicirlle unha cousa. Maite, é vostede unha santa!

ENCARNA FERREIRO: Ben. Agora que xa repartimos as cartillas e os cupóns, vou por uns pratos con auga e empezamos, vale? Que non estamos aquí só para darlle ao pico! *(ENCARNA FERREIRO enche varios pratos con auga e repárteos. As mulleres empezan a pegar os cupóns.) (Sae ao corredor.)*

Linda! Linda! Ten a cara de non rascala, mentres eu me derreo a currar! (*Ela volve entrar na habitación.*) Prometeume quedar!

PILAR FARTO: Sempre igual, andará cos mozos..

MAITE BATALLÁN: Cría corvos ...

VALENTINA FERREIRO: Non me faledes! Na casa xa non hai quen viva. Desde que empezou o bacharelato, o meu Raimundo está descoñecido. Míranos a todos de arriba a abaixo. E o que non sabedes: temos música clásica da mañá á noite! E á hora do concerto, se non nos apetece velo, móntanos cada número... Mira que se hai algo que non soporto é a música clásica!

ROSA FERREIRO: Xa somos dúas irmá!

MAITE BATALLÁN: Se iso non se pode escoitar! Ta-ta-ta- chan por aquí e ta-ta-ta chan por alá!

VALENTINA FERREIRO: Raimundo dinos que é porque non entendemos nada de música. Pero eu non sei que hai que entender! Desprézanos porque aprende toda esa sarta de bobadas no colexio! Ai, mira, teño unhas ganas de que se quite do medio...

TODAS: Que ingratos! Fillos desnaturalizados!

ENCARNA FERREIRO: Enchede as cartillas, eh? Hai que enchelas todas!

VALENTINA FERREIRO: Que si, Encarna, que si, xa o sabemos.

PILAR FARTO: Que non é a primeira vez que pegamos cupóns!

LUÍSA PRADOLONGO: Non vos parece que vai calor? Poderíamos abrir un pouco...

ENCARNA FERREIRO: Non, non, non, non. Faría corrente! E poden saír voando os cupóns!

ROSA FERREIRO: Encarna, por Deus, que os teus cupóns non son pardais. Non van saír voando! E falando de paxaros. O domingo fun ver a Bernardo, o meu fillo maior. Nunca vira tantos paxaros nunha casa. É unha selva! Pero a culpa é da miña nora, eh? (*FOCO SOBRE ROSA FERREIRO.*) En Semana Santa Bernardo comprou unha gaiola con paxaros para os meus netos. Ela estaba máis pendente dos paxaros que dos seus fillos! Cando tiveron crías, empezou a dicir que non tiña o valor de matalos. Vaia desgusto! Quedouse con todos! Non sei cantos paxaros teñen, non me puxen a contalos... Pero cando vou visitalos, fáltame un pelo para volverme tola... A iso das dúas da tarde, abre todas as gaiolas e os paxariños saen. Voan pola casa, cagan por todas partes e logo hai que limpalo todo... E cando chega a hora de volvelos a encerrar, os animais, claro, non teñen nin maldita gana. E entón Carme ponse a berrar aos nenos: Collédeos vós que mamá está cansada! Os rapaces andan a correr detrás dos paxaros. E aquilo é un disparate. Eu saio fóra; vou ao balcón e espero a que os pillen. (*As mulleres rin.*) Os nosos fillos non eran así, eh! Os mozos de agora non saben educar aos seus fillos!

PILAR FARTO: ¡É verdade!

LUÍSA PRADOLONGO: Xa o creo.

ROSA FERREIRO: Na miña época os nenos non podían xogar no baño! Pois tiñádelos que ver o domingo pasado. Deixárono todo sen xeito nin modo. Eu non dixen nin pío; Carme sempre di que falo de máis. Bruno, o máis pequeno (aínda non me fago á idea, como se lles ocorre chamar a un neno así) Ben, Bruno, o pequeno, entrou na bañeira vestido, co papel hixiénico encima, e abriu a billa! Estábao pasando en grande. Un auténtico desastre! E encima tes que calar. Eu dáballes unha azouta no cu e mandábaos á cama!

LUÍSA PRADOLONGO: Claro que si.

ROSA FERREIRO: A retrasada de Carme, estaba ao seu, pelando patacas e oíndo o serial. Será imbécil esta nora! E encima non pega nin golpe. De verdade, ás veces dáme pena o meu pobre Bernardo, desde que casou. Comigo estaría mellor...

(Bótase a rir. A luz volve ser normal.)

LUÍSA PRADOLONGO: É tremenda, eh! Sempre nos fai rir.

VALENTINA FERREIRO: Con ela sempre nos divertimos nas reunións...

ROSA FERREIRO: Eu ríome ata da miña sombra. A ver...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: *(A Maite Batallán.)* Vostede non debe ter moitas ocasións para rir... É unha alma caritativa! Preocúpase tanto dos demais...

MAITE BATALLÁN: Ten sorte, Rosa. Non todo o mundo ...

ROSA FERREIRO: Pense un pouco en vostede, Maite. Non sae nunca...

MAITE BATALLÁN: Non teño tempo! Cando quere que saia? Se non podoo! Teño que encargarme dela! E se só fose ela...

LUÍSA PRADOLONGO: Deus, Maite, non nos digas que hai algo máis!

MAITE BATALLÁN: Non me fales! Agora, como o meu marido gaña un pouco máis, na familia tómannos por Onassis! Onte mesmo, a comadre dunha das miñas cuñadas, pasou pola casa a pedirnos esmola. Ti coñécesme, rompeume o corazón cando nos contou a súa historia, así que lle dei as faixas que non usaba. Foi sumamente embarazoso... Chorou coma unha Magdalena. Ata me bicou as mans...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Vostede meréceo!

PILAR FARTO: A súa conducta é admirable!

MAITE BATALLÁN: Non diga iso...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Si, si, é certo, admirable!

ELENA DA PORTELA: Vostede gañou a nosa admiración! Non a esqueceréi nas miñas oracións, así llo digo!

MAITE BATALLÁN: Se Deus puxo aos pobres na Terra, nós debemos apoialos!

ENCARNA FERREIRO: Cando terminedes de encher unha cartilla, para non deixalas tiradas encima da mesa, sería mellor metelas nunha das caixas. Rosa axúdame a baleirar unha caixa e a meter as cartillas completas dentro.

LUÍSA PRADOLONGO: Hai moitas cartillas! Temos que terminalas todas hoxe?

PILAR FARTO: Non imos poder. Como todo o mundo acaba de vir...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Falta alguén?

ENCARNA FERREIRO: Suponse que Sonsoles Bravo e Angelines Veiga virán logo dun funeral. Morreu o marido da filla dunha amiga da señorita Bravo... Un tal señor... Barril. Creo.

LUÍSA PRADOLONGO: Non será Rodrigo Barril?

ENCARNA FERREIRO: Si, paréceme que é...

LUÍSA PRADOLONGO: Eu coñecino, e moito! Fomos noivos! Fíxense, hoxe podería ser a súa viúva!
(Pausa breve)

VALENTINA FERREIRO: Sabedes? A semana pasada atopei os oito erros no xornal. É a primeira vez que me pasa... Así que decidín concursar...

LUÍSA PRADOLONGO: E gañou algo?

VALENTINA FERREIRO: Teño pinta de gañar algo na vida? *(Pausa.)*

MAITE BATALLÁN: Pero Encarna, que vas facer con todos estes cupóns?

ENCARNA FERREIRO: Non cho contei? Vou amoblar toda a casa! Espera... Onde deixaría o catálogo? Ah! Aquí está! Mire, Maite, fíxese todo o que hai aquí dentro!

MAITE BATALLÁN: É increíble! E todo isto non che vai custar nin un céntimo!

ENCARNA FERREIRO: Nin un! Xa ves. Os concursos son algo increíble.

ELENA DA PORTELA: Dona Pilar dicía xusto o contrario!

ENCARNA FERREIRO: Como?

PILAR FARTO: Dona Elena, por favor!

ELENA DA PORTELA: Non pasa nada, Pilar. Opine! Vostede sempre di que está en contra dos concursos porque só sae beneficiada unha familia!

PILAR FARTO: É verdade! Estou en contra de todos estes contos de cacharros, viaxes e cupóns!

ENCARNA FERREIRO: Porque nunca gañou nada!

PILAR FARTO: Pode ser, non digo que non, pero sería igual de inxusto!

ENCARNA FERREIRO: Como que é inxusto? O que pasa é que ten envexa, nada máis! Vostede mesma o dixu cando chegou, tenme envexa. Pois a min non me gustan os envexosos, señora Farto, non me gustan nadiña, nadiña! É máis, voullo dicir: Non soporto aos envexosos!

PILAR FARTO: Se é así marchó! *(PAUSA.)*

ENCARNA FERREIRO: Por favor, non se vaia, síntoo... Estou moi nerviosa esta tarde... Non sei o que digo! Xa falaremos! Pode pensar o que queira, pero sente e siga pegando, sente por favor e siga pegando.....

ROSA FERREIRO: A nosa irmá ten medo de perder a unha pegadora de cupóns!

VALENTINA FERREIRO: Chist! Pecha o pico e métete nos teus asuntos! Sempre meténdote onde non te chaman!

ROSA FERREIRO: Déixame en paz!

PILAR FARTO: Está ben, de acordo, quedome. Pero que conste que estou en contra!

(A partir deste momento PILAR FARTO roubará todas as cartillas de cupóns que colla. As outras mulleres daranse conta desde o primeiro momento, salvo, evidentemente, ENCARNA e farán o mesmo.)

ELENA DA PORTELA: O mes pasado adiviñei a palabra misteriosa en Garbo.

LUÍSA PRADOLONGO: E gañaches algo?

ELENA DA PORTELA: Non! Non envíei a resposta. Non o necesito. Fíxeno por pracer. Teño pinta de necesitar estes xogos?

ROSA FERREIRO: Eu adoro a frase misteriosa, os encrucillados, os xeroglíficos, o dameiro, o auto-definido, o xogo dos erros e todas esas cousas... Son unha especialista! Sempre envío todas as miñas respostas. Gasto cinco duros en selos á semana...

LUÍSA PRADOLONGO: E gañaches algo?

ROSA FERREIRO: *(Mirando a ENCARNA e logo a ELENA DA PORTELA)* Teño pinta de gañar algo na vida?

(A Señora CATALINA ponse nerviosa intentando pegar cupóns; ante o reproche da súa nora enfadarase e tirará cupóns ao aire.)

MAITE BATALLÁN: Señora Catalina, quere deixar o meu prato de auga en paz? Ve, advertinllo, xa tirou todo!

(MAITE dálle un cachete na cabeza á súa sogra, que acouga un pouco. Móvea na súa cadeira de rodas e colócaa de costas, castigada. A Señora CATALINA volve a súa posición inicial moi lentamente.)

VALENTINA FERREIRO: Deus, deulle forte! Non lle dá medo facerlle dano?

MAITE BATALLÁN: Xa está afeita. É a única forma de tranquilizala. Descubriuno o meu marido! Cando lle zurras na cabeza, queda paralizada un intre... quietiña no seu recuncho e déixanos tranquilos un pouco...

(FOCO SOBRE LUÍSA PRADOLONGO.)

LUÍSA PRADOLONGO: Cando volveu da súa lúa de mel, a miña filla Claudinita deume o primeiro piso da súa torta de vodas Estaba tan orgullosa! Era tan bonito! Era unha especie de santuario, todo en azucre! E cunha escaleira en certopelo vermello e cunha plataforma encima. E arriba do todo, os noivos. Dous bonequiños, ben feitos, con traxes de voda. E un cura que lles daba a bendición, ás portas da catedral. Todo de azucre. Había que velo, que marabilla! A torta custounos un ril, pero merecía a pena! Era unha torta de seis pisos! Claro que non todo era de pastel, era demasiado caro! Os dous primeiros pisos eran de biscoito, o resto era de madeira. Pero non se notaba. A miña filla deume o piso de abaixo dentro dunha campá de cristal. Era moi bonito, pero dábame medo que o azucre se estragase co tempo... Por iso collín o coitelo do meu marido para cortar vidro e fíxenlle un buraco no alto da campá. Así o pastel pode airearse como Deus manda e non haberá perigo de que podreza!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Eu tamén concursei non hai moito. Chamábase “O anuncio misterioso”. Había que atopar un reclamo para a librería Espasa-Calpe... atopei un: “*Se a súa economía é escasa, non deixe de comprar en Espasa*”. Bonito, verdade?

LUÍSA PRADOLONGO: E gañaches algo?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: (Bérralle a Luísa de forma inesperada.) Teño pinta de gañar algo na vida?!

ENCARNA FERREIRO: Rosa, esta mañá vinte regando as plantas do balcón. Deberías pór un sistema de rego por goteo!

ROSA FERREIRO: Pero que dis! Apáñome moi ben coa regadeira. O exercicio axúdame a estar en forma.

LUÍSA PRADOLONGO: Pero se vostede, Rosa, sempre se queixa das costas...

ROSA FERREIRO: Vaime ben. Non teño diñeiro para iso! E aínda que o tivese, non o compraría!

ENCARNA FERREIRO: Eu vou ter un, cos cupóns...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: (Díó mentres vai deixar algunha cartilla na caixa.) Estame cargando cos seus ditosos cupóns... (Rouba unha cartilla e escóndea no seu bolso)

VALENTINA FERREIRO: Non sei para que che vai servir, se non tés plantas!

ENCARNA FERREIRO: Pensaba que volo dixera! Vou necesitar unha casa nova para meter todo o que vou conseguir cos puntos! (MARÍA DAS NEVES AMORÍN, PILAR FARTO E MAITE BATALLÁN esconden cada unha dúas ou tres cartillas de cupóns.) Rosa, se queres, un día pódoches ensinar o sistema e déixocho...

ROSA FERREIRO: Nin falar! E se o estrago? Tería que acumular cupóns durante dous anos para devolvercho!

(As mulleres rin.)

VALENTINA FERREIRO: Es un pouco zoupona, Rosa!

PILAR FARTO: Dona Rosa, como vostede ningunha!

MAITE BATALLÁN: A semana pasada, adiviñei a voz misteriosa da radio! Era a voz de Laureano López Rodó... Descubriuno o meu marido. Envíei 25 cartas e para ter sorte, púxenas a nome do meu fillo, Pablito...

LUÍSA PRADOLONGO: E gañaches algo?

MAITE BATALLÁN: *(Mirando a ENCARNA e logo a ELENA DA PORTELA)* Teño pinta de gañar algo na vida?

VALENTINA FERREIRO: Sabedes o que me vai a comprar o meu home?

ROSA FERREIRO: Dous pares de medias de cristal coma todos os anos.

VALENTINA FERREIRO: Que va, tonta! Un abrigo de pel! *(Silencio-pausa de asombro xeral.)* Ben, non é auténtico, é de imitación. Hoxe en día son mellores que os de peletería e ás veces, ata máis bonitos!

ELENA DA PORTELA: Non, teño que disentir...! Non ten nin punto de comparación!

PILAR FARTO: *(Fálalle a Valentina.)* Dío porque como ten unha gran estola de visón!

ELENA DA PORTELA: Nada substituirá á pel, dígoo sempre. Este outono vou cambiar a miña estola de visón. Xa ten tres anos e aínda está ben, pero...

ROSA FERREIRO: Pecha o teu enorme pico, maldita mentireira! Sabemos que o teu marido parte os cornos para pagarche as viaxes e as peles! Non es máis rica ca nós, pero sempre tes que quedar de marquesa! Estou ata as orellas!

ELENA DA PORTELA: Se o seu marido interesáralle a miña estola de visón, vendíalla a bo prezo. Así sabería o que é ter un abrigo en condicións.

LUÍSA PRADOLONGO: Eu envíei as miñas respostas aos “*Obxectos Aumentados*”. Ben, xa sabedes, poñen unha cousa moi preto, moi preto e hai que adiviñar que é... Pois acertei, si, acertei...

As MULLERES: E gañaches...?

(LUÍSA PRADOLONGO limítase a mirar a ENCARNA e a ELENA DA PORTELA.)

MAITE BATALLÁN: O outro día, Daniel, o fillo pequeno da señora Cortefiel caeu desde un segundo piso. E non fixo nin un raspuño! Increíble, verdade?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Falando de accidentes, isto recórdame...

LUÍSA PRADOLONGO: O que?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: É demasiado atrevido, tal vez non debería...

ROSA FERREIRO: Veña! ;Se xa sabemos que vostede sabe os chistes máis verdes!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Pero esta tarde dáme pudor, non sei por que...

VALENTINA FERREIRO: Non se faga de rogar. Se ao final váinolo contar...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Moi ben, de acordo. Isto é unha monxa á que violaron nunha rúa escura, apartada e pouco transitada...

ROSA FERREIRO: Arrea!

VALENTINA FERREIRO: Veña, veña! Non se faga de rogar!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Ao día seguinte atópana toda despeiteada, co hábito por encima da cabeza... Xeme, e non se sabe o que di... Un xornalista achégase e preguntalle: Irmá, pode explicarnos en dúas palabras o que acaba de vivir? E a monxa abre os ollos e murmura: Sigue! Sigue!

(Todas as mulleres bótanse a rir, salvo ELENA DA PORTELA, que parece escandalizada e LUÍSA PRADOLONGO que non comprende o chiste.)

ROSA FERREIRO: Que barbaridade! Facía moito que non oía un chiste tan forte! Mexo coa risa! Onde oirá estas cousas?

VALENTINA FERREIRO: Sabes moi ben que llos oe ao seu “representante”.

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Valentina por favor!

ROSA FERREIRO: Ah, si! O seu “representante”!

TODAS *(agás ELENA DA PORTELA e LUÍSA PRADOLONGO):* O “representante” de Mariné! *(Risas.)*

ELENA DA PORTELA: *(Seria e descolocada.)* Non comprendo.

VALENTINA FERREIRO: Hai un representante de cepillos que vén todos os meses a ofrecer os seus servizos á señorita Amorín. E eu creo,... que son do seu agrado...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Basta Valentina!

VALENTINA FERREIRO: A señorita Amorín é a que ten máis experiencia en cepillados de toda a parroquia.

ROSA FERREIRO: Fixeime no seu representante o outro día, Valentina. Veu visitala, verdade?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Veu. Pero asegúrolles que non hai nada entre nós!

PILAR FARTO: Si claro, iso dise sempre...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Deus, Dona Pilar! Ve o que non hai! O señor Senra é un bo home!

ROSA FERREIRO: Só nos falta saber se vostede é unha boa moza! Non, señorita Amorín?

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Que di? Dona Rosa, ás veces penso que ten unha mente enfermiza! Eu son unha muller decente! Enrique... Quero dicir, o señor Senra veu a casa a falar-me dun proxecto. De feito, quero invitalas a todas. Vou organizar unha demostración na miña casa a semana que vén... Será o domingo ás oito. Tras o rosario. Teño que reunir un grupo de dez persoas para conseguir unha gratificación: un bonito xogo de cuncas de fantasía... Deberíades velas, son preciosas! Son un recordo que trouxo de Talavera... Debeu pagar un pico por elas...

LUÍSA PRADOLONGO: Encántanme as demostracións!

PILAR FARTO: Haberá descontos ás asistentes!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Iso non o sei. Pero debería. Ademais vou facer unha merenda...

ROSA FERREIRO: Entón seguro que é mellor que esta! Aquí o anís nin se cheira!

CATALINA DAPENA: Anís, anís, si, anís... *(CATALINA DAPENA intenta morder á súa nora.)*

MAITE BATALLÁN: Outra vez! Como siga así, señora Catalina, tríncoa no cuarto de baño para o resto da tarde! *(Leva aparte a Señora CATALINA; acciona un mecanismo de caixa de música cunha música infantil para durmir.)*

(*Escuro. Foco sobre MARÍA DAS NEVES AMORÍN.*)

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: A primeira vez que o vin pareceume feo. Non me chamou a atención! Cando abrín a porta, quitou o chapeu e díxome: “Quere comprar un cepillo, miña señora?” Pecheille a porta nos fociños! Xamais deixara entrar a un home na miña casa! Salvo ao mozo que trae a subscripción do Ya. O meu galán dos cepillos volveu un mes máis tarde. Chovía a mares, e deixeiño entrar no portal. Xa dentro da casa deume medo, pero pensei que non tiña mala pinta. Uns 36 anos, ben peiteado... E tan educado! Vendeume dous, tres cepillos e ensinome o seu catálogo. Había un que me gustaba, pero non o tiña. Propúxome facerlle un encargo. Desde entón volve cada mes... Ás veces non lle compro nada. Vén charlar un ratiño. É tan fino! Cando fala esquézome de que é feo! E conta cada cousa! E entón penso, e penso... Que vou pensar? Penso que o amo. El fárame das súas viaxes e cóntame chistes.. Son un pouco pícaros, pero son tan divertidos! E agora cóntame chistes verdes! Ás veces son tan fortes... A última vez que veu, colleume a man porque me ruboricei. Case me volvo tola! Ás veces soño con el... Soño... Que non está casado. Necesito que veña verme! É o primeiro home que se ocupa de min! Non quero perdelo! Se marcha quedarei soa, completamente soa, necesito...amalo... (*Ela baixa a vista e murmura.*) Necesito un home.

(*Os focos volven acenderse. Entran LINDA RAMOS FERREIRO, e MARIBEL PINTELOS.*)

ENCARNA FERREIRO: Por fin! Xa era hora!

LINDA RAMOS FERREIRO: Estaba no restaurante...

ENCARNA FERREIRO: Xa sei que estabas no restaurante. Ti sigue indo aos restaurantes da esquina, miña filla, e acabarás como a túa tía Paquita: nun antro!

LINDA RAMOS FERREIRO: Mamá por favor, non me montes unha escena por nada!

ENCARNA FERREIRO: Pedinche que te quedases...

LINDA RAMOS FERREIRO: Fomos comprar tabaco (*asombro xeral das mulleres.*), e polo camiño atopámonos con Uxía...

ENCARNA FERREIRO: Non é motivo! Por que non volviches antes, se sabías que teño visita? Parece que o fas a posta, Linda! Que queres, facerme rabiarse diante de todo o mundo? Pois polos cravos de Cristo, conseguíchelo! Pero non acabarás comigo, miña filla! Vaste decatar!

(*ENCARNA vai cara LINDA; VALENTINA media parando a Encarna; ROSA media “protexendo” a Linda.*)

ROSA FERREIRO: Non é momento parar armala, Encarna!

VALENTINA FERREIRO: (*A Rosa.*) Sempre furgando nos asuntos dos demais!

LINDA RAMOS FERREIRO: Non é para poñerse así, só me atrasei un pouco!

MARIBEL PINTELOS: Foi culpa miña, Dona Encarna! Quería que Uxía me explicara...

ENCARNA FERREIRO: (*Cortante.*) Xa sei que foi pola túa culpa! Pero eu xa lle dixen moitas veces a Linda que non andara con camareiras! Pero non, todo é para desgustarme! (*A LINDA*) Afogaríate!

ROSA FERREIRO: Veña, Encarna.

VALENTINA FERREIRO: Rosa, díxenche que non te metas! Enténdesme? Non é cousa túa!

ROSA FERREIRO: Estasme fartando! Non se pode consentir que Encarna monte todo este escándalo a Linda por unha bobada!

VALENTINA FERREIRO: Non é cousa nosa!

LINDA RAMOS FERREIRO: Tía, deixa que me defenda!

VALENTINA FERREIRO: Linda se amable coa túa madriña, xa que non o es coa túa nai.

ENCARNA FERREIRO: Velo? Sempre igual! Eu non a eduquei así!

ROSA FERREIRO: Iso! Imos falar de como educaches aos teus fillos!

ENCARNA FERREIRO: Ah si? Chitón! Que os teus...

LINDA RAMOS FERREIRO: Tía, inténtao! Ti podes dicirlle á miña nai...

ENCARNA FERREIRO: Como é que agora te pos ao lado da túa tía Rosa? Que me dixeches cando chamou, eh? Lembras?

LINDA RAMOS FERREIRO: Non é o mesmo.

ROSA FERREIRO: Que lle dixeches?

ENCARNA FERREIRO: Colleu o teléfono, acordas? Como non contestou dicindo “Un momento, por favor”, díxenlle que fose máis amable contigo...

LINDA RAMOS FERREIRO: Mamá, déixao!

ROSA FERREIRO: Pois agora son eu quen quere saber, Linda!

LINDA RAMOS FERREIRO: Tía non mo teñas en conta, estaba enfadada.

ENCARNA FERREIRO: E dixo: “Se é a tía Rosa; non sei por que teño que ser amable con ela?”.

ROSA FERREIRO: Mal raio te parta Linda!

LINDA RAMOS FERREIRO: Tía, foi que estaba enfadada!

ROSA FERREIRO: Non esperaba isto de ti, Linda!

VALENTINA FERREIRO: Rosa por favor, non empeces ti, deixa que discutan elas!

ROSA FERREIRO: Pois que discutan! Mira Encarna, a túa filla é unha maleducada! Se segue así vai acabar igual que a súa tía Paquita! Porque me conteño, que se non arréolle un sopapo!

ENCARNA FERREIRO: Iso quero velo! Que te vexa eu tocar aos meus fillos, atrévete! Atízolles eu, que para iso son a súa nai, pero ti non lles tocas un pelo!

MAITE BATALLÁN: Deixádeo xa, que estou esgotada!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Si, é insoportable!

MAITE BATALLÁN: Ides espertar á miña sogra, e morderanos!

LINDA RAMOS FERREIRO: Podía deixar en casa á súa sogra!

MAITE BATALLÁN: Linda!

VALENTINA FERREIRO: Que? Ten razón! Non se pode vir a unha reunión cunha vella de 93 anos que morde!

ELENA DA PORTELA: Valentina, é vostede a que non para de dicirlle á súa irmá que se meta nos seus asuntos.

VALENTINA FERREIRO: Xa falou a presuntuosa! Por que non me deixas en paz e pegas os ditosos cupóns? Pecha o pico dunha vez!

(ELENA DA PORTELA levántase)

ELENA DA PORTELA: Oia vostede!

(CATALINA DAPENA, que desde fai un intre xoga cos pratos de auga, moi nerviosa, cae ao chan.)

ENCARNA FERREIRO: Ollo, que a túa sogra cae!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Xa está no chan!

MAITE BATALLÁN: Señora Catalina, por Deus! Que alguén me axude!

(MARINE, LUÍSA E PILAR van axudar.)

ROSA FERREIRO: Eu non!

VALENTINA FERREIRO: Arránxate ti soa!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Maite, xa lle axudo eu!

MAITE BATALLÁN: Grazas, bonita.

ENCARNA FERREIRO: E ti, Linda, o resto da tarde quérote máis suave que unha luva.

LINDA RAMOS FERREIRO: Danme ganas de marchar.

ENCARNA FERREIRO: Faino e non volverás a pór os pés nesta casa!

LINDA RAMOS FERREIRO: Can ladrador, pouco mordedor!

MARIBEL PINTELOS: Linda non sigas...

MAITE BATALLÁN: Incorpórese un pouco, señora Catalina, póñase dereita. Non cargue a posta!

PILAR FARTO: Aguántolle a cadeira.

MAITE BATALLÁN: Grazas.

ROSA FERREIRO: Eu no seu lugar, empuxaba a cadeira e...

VALENTINA FERREIRO: Rosa! Cala e teñamos a festa en paz!

MAITE BATALLÁN: Que horror!

VALENTINA FERREIRO: Mirade a da Portela, que segue pegando os seus cupóns.. Mira que é presuntuosa! Non se ocupa de nada máis! Todo isto débelle interesar ben pouco!

(Escuro. Foco sobre ELENA DA PORTELA)

ELENA DA PORTELA: Isto parece unha corte! Xa me dixo Leopoldo que non viñese! Esta xentuzza non é coma nós! Que erro vir! Cando se viaxa en transatlánticos,... volver aquí é espantoso! Ai! Véxome de novo nunha desas hamacas, cun bo libro de Corín Tellado sobre as pernas... E de súpeto, o contramestre chíscame o ollo... Que home! Podía animalo un pouco máis... O meu marido di que non, pero eu xa o vivín todo! E logo As Américas! Que educado é todo o mundo por alí! Moito máis que aquí! Alí unha non se atopa con Encarna Ferreiro! É xente de categoría! Todo o mundo fala ben, non como aquí...Son desprezables! Non volverei pisar esta casa! Leopoldo ten razón, esta xentuzza o mellor é evitala! Non saben vivir! Deus, dá vergoña estar aquí!

(As luces volven acenderse.)

LINDA RAMOS FERREIRO: Ben, eu voume...

ENCARNA FERREIRO: Estás de broma! Advírtocho, Linda...

LINDA RAMOS FERREIRO: “Advírtocho, Linda!”. É o único que sabes dicirme, mamá?

MARIBEL PINTELOS: Linda non fagas o parvo! Quédate!

LINDA RAMOS FERREIRO: Non, eu voume! Estou ata o moño de que me berren toda a tarde!

ENCARNA FERREIRO: Linda, ordénoche que te quedes!

VOZ DUNHA VECIÑA: Poden calar dunha vez? Que se oe todo!

(LINDA RAMOS FERREIRO diríxese á veciña.)

LINDA RAMOS FERREIRO: Métase na súa casa!

A VECIÑA: A vostede non lle estou falando!

LINDA RAMOS FERREIRO: Como que non? A min ninguén me di que non grite!

VALENTINA FERREIRO: Volve cara dentro, linda!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Deixádeo xa! Se non merece a pena!

A VECIÑA: Vou chamar á policía!

ROSA FERREIRO: (*Sae plantar cara a veciña e xunto a Linda.*) Fágao, que aquí o que fan falta son homes!

ENCARNA FERREIRO: Rosa Ferreiro métete na cociña! E ti tamén, Linda!

LINDA RAMOS FERREIRO: Non, eu voume.

(LINDA inicia a saída con MARIBEL; encontraranse con ANGELINES e SONSOLES.)

LINDA RAMOS FERREIRO: Ah! Pero se é Nines!

ANGELINES VEIGA: Ola preciosa! Como estás? Marchas?

LINDA RAMOS FERREIRO: Bo... Ía ao restaurante onde traballa Maribel e outra amiga, pero pensándoo mellor, creo que me quedo.

(*Entran SONSOLES, ANGELINES, seguidas de LINDA e MARIBEL.*)

ANGELINES VEIGA: Boas tardes a todas!

SONSOLES BRAVO: Boas tardes.

As DEMAIS: Boas tardes, boas tardes, Como estás?

SONSOLES BRAVO: Sempre lle digo que vive nun piso moi alto, Dona Encarna. Non teño resollo!

ROSA FERREIRO: Está sen aire? Non se preocupe. A miña irmá vai pedir que lle instalen un ascensor cos seus cupóns.

(*As mulleres rinse, salvo SONSOLES e ANGELINES, que non saben como tomar esta frase.*)

ENCARNA FERREIRO: Que graciosa es, Rosa! Linda, trae unhas cadeiras...

LINDA RAMOS FERREIRO: De onde? Se non hai máis!

ENCARNA FERREIRO: Vai onde a señora Pastor e pídeslle da miña parte un par de cadeiras.

LINDA RAMOS FERREIRO: Ven Maribel...

ENCARNA FERREIRO (*En voz baixa, a LINDA*): Facemos as paces por esta tarde, pero espera a que se vaia a visita...

LINDA RAMOS FERREIRO: Volvín porque viñeron Nines e Sonsoles. Non porque me deas medo!

(LINDA sae con MARIBEL.)

ELENA DA PORTELA: Angelines, sente ao meu lado...

PILAR FARTO: Sente aquí Sonsoles.

ANGELINES VEIGA E SONSOLES BRAVO: Grazas, moitas grazas.

SONSOLES BRAVO: Polo que vexo, están pegando selos.

ENCARNA FERREIRO: Pois si. Un millón!

SONSOLES BRAVO: Virxe santísima! E queda moito?

ROSA FERREIRO: Aí imos. Eu xa teño toda a lingua paralizada.

SONSOLES BRAVO: Pegaron todo isto coa lingua?

VALENTINA FERREIRO: Non, que va! Era unha broma!

ROSA FERREIRO: Hai que ver como é Tina! Cólleas ao voo!

ANGELINES VEIGA: Botarémovos unha man...

ENCARNA FERREIRO: E como foi todo no funeral?

(*Foco sobre ANGELINES VEIGA e SONSOLES BRAVO.*)

SONSOLES BRAVO: Foi un mazazo...

ANGELINES VEIGA: Se non trataches case con el!

SONSOLES BRAVO: Pero coñecía moito á súa nai! E ti tamén, acórdate. Iamos á escola xuntas! Vin crecer ao seu fillo...

ANGELINES VEIGA: E agora foise para sempre. E nós, en cambio, aquí seguimos...

SONSOLES BRAVO: Si, pero non por moito tempo...

ANGELINES VEIGA: Veña, Sonsoles, non digas iso que aínda...

SONSOLES BRAVO: Sei o que digo! Unha sabe cando se achega ao final! (**GOLPE DE PEGADO DE CUPÓNS.**) Logo de todo o que eu sufrín!

ANGELINES VEIGA: Ben, as dúas sufrimos...

SONSOLES BRAVO: Eu sufrín máis ca ti, Angelines! Dezasete operacións! Non me queda máis que un pulmón, un ril, un peito... (**GOLPE**) Quitáronmo todo...

ANGELINES VEIGA: E eu, coa artrite que non me deixa en paz!

SONSOLES BRAVO: A viúva contoume como foi. Que triste!

ANGELINES VEIGA: Como foi?

SONSOLES BRAVO: Ao volver do traballo, o luns pola tarde, chegou moi canso. Preguntoulle se estaba ben, porque estaba branco como un cirio. E el díxolle que non. Empezou a cear... Os nenos discutían na mesa, o señor Barril enfadouse e castigou a Ramona... Todo foi tan de présa que non puido facer nada. Dixo que non se atopaba ben e debuzouse sobre a sopa. E se finí! (**GOLPE**)

ANGELINES VEIGA: Xesús, María e Xosé! É terrible! Así de rápido! Ponme a pel de galiña!

SONSOLES BRAVO: Non sabemos cales son os designios do Señor e cando nos chamará á súa destra. Así quedou escrito: "Virei buscarte coma un ladrón". (**DOUS GOLPES**)

ANGELINES VEIGA: Estas historias danme medo! Eu non quero morrer así! Quero morrer na miña cama... Con tempo para confesarme...

SONSOLES BRAVO: Eu non quero morrer sen confesión. Angelines prométemo, prométeme que vas chamar o cura en canto me atope mal. Prométemo!

ANGELINES VEIGA: Se xa mo pediches cen veces! A última vez que tiveches un ataque chamei ao párroco! E deuche a comunión!

SONSOLES BRAVO: Teño moito medo de morrer sen recibir os santos sacramentos!

ANGELINES VEIGA: Por todos os pecados que poidas facer! Anda!

SONSOLES BRAVO: Non digas iso, Angelines! Non hai idade para pecar!

ANGELINES VEIGA: Non teñas medo! Se vas ir dereitiña ao ceo. Viches como estaba de demacrada a filla do morto? A pobre parecía un cadáver!

SONSOLES BRAVO: Xa o creo! Pobre Ramona! Daba pena. E a súa nai, imaxinas? Que gran baleiro deixa ese home!

ANGELINES VEIGA: Xa o creo! Viches como o arranxaron? Tiña un aspecto tan novo! E sorría... Parecía durmido. No fondo, está mellor onde está. Como se adoita dicir, os que sofren son os que quedan aquí. El agora xa descansa! Pero non sabes o ben que o arranxaron! Parecía vivo.

SONSOLES BRAVO: Si! Pero non o está. (**GOLPE**)

ANGELINES VEIGA: O que non me explico é porque lle puxeron ese traxe...

SONSOLES BRAVO: Como?

ANGELINES VEIGA: Non te fixaches? Levaba un traxe azul! (**ASOMBRO XERAL.**) Iso non se pode facer! Un morto é un morto! (**GOLPE**) Un traxe azul faino demasiado pálido! Se fose un azul mariño, pero non, era case un azul ceo! Un morto debe levar un traxe escuro, negro! (**GOLPE**)

SONSOLES BRAVO: Poida que non tivese! Non é xente de cartos!

ANGELINES VEIGA: Polo amor de Deus, un traxe negro pódese alugar! É como a irmá da señora Barril! Un vestido verde nun funeral! (**ASOMBRO XERAL.**) Ademais, hai que ver que avellentada está!

SONSOLES BRAVO: Coa vida que leva...

ANGELINES VEIGA: Non claro, se son verdade todos os chismes que contan...

SONSOLES BRAVO: Seguro! A señora Barril intentou ocultalo... Pero todo se acaba sabendo! É como Encarna coa súa irmá Paquita. Se hai alguén a quen poida compadecer é a Paquita Ferreiro! (**ANGELINES intenta que non fale de Paquita.**) Unha auténtica desvergonzada! A ovella negra da familia! Dígocho como o sinto Angelines, non me gustaría ver a súa alma! Debe ser dun negro profundo! (**GOLPE**)

ANGELINES VEIGA: Veña Sonsoles, no fondo Paquita non é unha mala moza!

(Acéndese un foco sobre ENCARNA FERREIRO.)

ENCARNA FERREIRO: Hai tempo que non quero saber nada da miña irmá Paquita! Despois de todo o que nos fixo! Co modosiña que era de pequena! E tan mona! Era unha boneca! Todas a queríamos!... E claro, malcriámola! Pero non era para terminar así... Non o entendo. Non o entendo! Papá chamáballe na casa a súa nena bonita. Queríalle tanto! E nós non lle tiñamos envexa...

VALENTINA FERREIRO: Eu xa estaba casada, pero acórdome coma se fose onte: o seu primeiro día de escola. Parecía unha princesa. Estaba tan guapa! Unha auténtica Shirley Temple! E como aprendía! Moito máis rápido ca min. Nunca fun unha boa estudante. Eu era a gordiña graciosa da clase, iso era o máximo ao que podía aspirar.. En cambio Paquita non parou de conseguir premios. Ata de relixión! Era devota como unha monxa, a princesiña... As monxas adorábana! Cando a vexo hoxe... No fondo dáme pena. Necesita axuda... Debe sentirse tan soa!

ROSA FERREIRO: Cando terminou o bacharelato díxome que quería ser mestra. Ía empezar Maxisterio... Pero tivo que learse co Juanito ese de marras! Armáchela, princesiña!

As TRES IRMÁS: Miserable Juanito! Un demo saído do Inferno! Pola súa culpa converteuse no que é agora! Miserable Juanito! Miserable Juanito!

(As luces acéndense. A Señora CATALINA repite histérica a última expresión das irmáns.)

CATALINA DAPENA: Miserable Juanito! Miserable Juanito!

(MAITE BATALLÁN dá unha puñada á súa sogra na cabeza.)

ENCARNA FERREIRO: Maite, por Deus, non fagas iso que a matas!

MAITE BATALLÁN: Fago o que podoo para calmala!

ROSA FERREIRO: Eu deixábaa caer polo descanso.

MAITE BATALLÁN: Como dixoo? Pode repetir o que acaba de dicir?

ROSA FERREIRO: Son cousas miñas!

MAITE BATALLÁN: Ten medo?

ROSA FERREIRO: Medo eu?

MAITE BATALLÁN: Si, vostede ten medo!

PILAR FARTO: Non me digades que volvedes discutir!

ANGELINES VEIGA: Discutistes?

SONSOLES BRAVO: Quen discutiu?

ANGELINES VEIGA: Ves Sonsoles, tiñamos que chegar antes!

MAITE BATALLÁN: Non llo vou consentir! Acaba de insultar á miña sogra!

ELENA DA PORTELA: E volta a empezar!

ROSA FERREIRO: É moi vella! Non serve para nada!

VALENTINA FERREIRO: Rosa! Non che dá vergoña falar así?

LUÍSA PRADOLONGO: Non ten corazón!

MAITE BATALLÁN: Nunca esquecerei o que dixoo, Rosa Ferreiro! Non o esquecerei nunca!

ROSA FERREIRO: Non me toque os narices! Déixeme en paz!

ANGELINES VEIGA: Quen discutiu antes? Que pasou?

ROSA FERREIRO: Vostede quere sabelo todo, señorita Angelines? Vostede quere que entremos en detalles?

ANGELINES VEIGA: Por Deus, Dona Rosa...

ROSA FERREIRO: E así podería ir contalo por aí, non é iso?

SONSOLES BRAVO: Mire Rosa! Eu non adoito enfadarme, pero non consinto que se insulte a unha amiga!

Entran LINDA e MARIBEL traendo unhas cadeiras. Gran barullo. Todas as mulleres cambian de sitio. Aproveítanse para roubar algunhas cartillas e algúns paquetes de cupóns.

PILAR FARTO: *(Aparte.)* Vou coller uns cantos cupóns mentres non me ven!

VALENTINA FERREIRO: *(Que a viu.)* Que está facendo, Dona Pilar?

ROSA FERREIRO: *(Segue na súa bronca con Angelines e Sonsoles.)* Si. Será mellor que cale!

PILAR FARTO: *(A Valentina.)* Cale e colla! Colla, sen medo!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: *(Intentando mediar entre Rosa e Sonsoles.)* Non hai que esaxerar.

MAITE BATALLÁN: Esconda estes no seu peto, señora Catalina... Non! Díxenlle que os esconda!

Entra PAQUITA FERREIRO.

PAQUITA FERREIRO: Ola a todas!

AS DEMAIS: Paquita!

LINDA RAMOS FERREIRO: A miña tía Paquita, isto é a bomba!

ANGELINES VEIGA: *(Sorprendida busca inutilmente esconderse.)* Paquita, por Deus!

ENCARNA FERREIRO: *(A Paquita.)* Pero que fas aquí? Non che dixen que non quería volverte ver!

PAQUITA FERREIRO: Dixéronme que a miña irmá Encarna gañou un millón de cupóns e vin velo. *(Descobre a ANGELINES VEIGA).* Rediós, Nines! Ti tamén aquí?

(Todas miran a ANGELINES VEIGA.)

ANGELINES VEIGA: Anda, agora si que me pillaron!

LUÍSA PRADOLONGO: Que queres dicir, Nines?

VALENTINA FERREIRO: *(A Paquita.)* Como é que lle falas á señorita Angelines, eh?

ROSA FERREIRO: *(A Paquita.)* Non che dá vergoña?

PAQUITA FERREIRO: De que? Se nos coñecemos moi ben, verdade Nines?

ANGELINES VEIGA: Ai! Creo que desmaio. *(ANGELINES finxe un desmaio)*

SONSOLES BRAVO: Polo amor de Deus! Angelines!

MARIBEL PINTELOS: Está morta!

SONSOLES BRAVO: Que? Está morta?

VALENTINA FERREIRO: Que non, que non, que vai estar morta. Sempre esaxerando!

PAQUITA FERREIRO: Se nin sequera desmaiou! *(PAQUITA achégase a ANGELINES)* Mirade como finxe!

ENCARNA FERREIRO: Ti non a toques!

PAQUITA FERREIRO: Déixame en paz, aínda que non o creas é a miña amiga!

SONSOLES BRAVO: A túa amiga? Non pretenderás facernos crer que a señorita Angelines é amiga túa?

PAQUITA FERREIRO: Que pasa? Se vén buscarme ao club case todos os venres pola tarde.

TODAS: Que!

SONSOLES BRAVO: Non é posible!

PAQUITA FERREIRO: Preguntádelle a ela. Eh, Nines! É verdade ou non é verdade o que digo? Veña, deixa de facer a tola e contesta. Nines, coño, sabemos que non hai tal desmaio! Dilles que é verdade que vés ao club.

ANGELINES VEIGA: *(Tras un silencio)* Si, é verdade.

SONSOLES BRAVO: Oh! Angelines! Angelines!

LUÍSA PRADOLONGO e OUTRAS: É espantoso!

ELENA DA PORTELA e OUTRAS: É inaudito!

LINDA e MARIBEL: Isto é a bomba!

SONSOLES BRAVO: Oh! Angelines! Angelines!

(Foco sobre ANGELINES e SONSOLES)

ANGELINES VEIGA: Sonsoles, tes que entenderme.

SONSOLES BRAVO: Non me toques! Atrás Satanás!

LUÍSA PRADOLONGO e as MULLERES: Nunca, nunca imaxinei algo así!

SONSOLES BRAVO: Non esperaba isto de ti, Angelines! Nun club! E encima todos os venres pola tarde! Non pode ser!

ANGELINES VEIGA: Non fago nada malo, Sonsoles! Só tomo unha Coca Cola!

LINDA RAMOS FERREIRO: Nun puti-club!

MARIBEL PINTELOS: Isto é a bomba! A bomba!

ENCARNA FERREIRO: Sabe Deus o que fará!

ROSA FERREIRO: Poida que sexa unha pilingui!

ANGELINES VEIGA: Pero se xa vos dixen que non fago nada malo!

PAQUITA FERREIRO: É verdade, non fai nada malo.

ROSA, ENCARNA, VALENTINA: Ti cala, canalla!

SONSOLES BRAVO: Xa non es a miña amiga, Angelines. Non te recoñezo!

ANGELINES VEIGA: Escóitame, Sonsoles, tes que escoitarme. Voucho explicar todo...

ROSA, ENCARNA, VALENTINA, HELENA, MAITE, LUISA: ¡O club! ¡Un verdadeiro antro de perdición!

CANCIÓN: *Os Clubes son unha maldición*, adaptación de “just can’t get enough” de Depeche mode.

Os Clubes son indecencia, // pecado e
perdición!

*Son unha maldición! Son unha
maldición!*

Nubes de fume // molladas en alcohol.

*Son unha maldición! Son unha
maldición!*

Bicos das mozas // que exclamarán

Pero é que os homes non saben
amar!

Paquita foi // o mellor do noso clan.

*Son unha maldición! Son unha
maldición!*

Fermosa flor // que un chulo foi roubar.

Son unha maldición! Son unha maldición!

So un bandullo ese borracho deixou

E a nosa esperanza se esfumou.

Se o inferno fora // igual que noso club
(bar)

Atrévete a gozar! Atrévete a gozar!

Só quero copas, quero bailar sen parar!

Atrévete a gozar! Atrévete a gozar!

Non quero fillos, nin marido, nin rezar,

Soamente quero gozar e cantar!

Cambia a disposición das mesas no escenario.

ANGELINES VEIGA: Basta! ¡Calade e escoitádeme dunha vez!

As MULLERES: Nunca! Non tes perdón!

ANGELINES VEIGA: Sonsoles, escóitame! Somos vellas amigas, vivimos xuntas desde hai 35 anos! Quérote, pero chegou un momento no que necesitei coñecer xente. Xa sabes como son! Pódese ir aos clubs sen facer nada malo! Hai catro anos que o fago e xamais fixen nada que non fose decente! A xente que traballa alí non é peor ca nós. Necesito coñecer xente. Non rin en toda a miña vida, Sonsoles!

SONSOLES BRAVO: Hai outros sitios para rirse! Perderaste, Angelines! Dime que non volverás ao club nunca máis!

ANGELINES VEIGA: Escoita Sonsoles, non podo! Gústame ir alí. Gústame moito! Compréndeo?

SONSOLES BRAVO: Prométemo ou non che volverei falar! Elixo! Ou o club ou eu! Se soubeses a pena que me das! Unha amiga de toda a vida convertida nunha pilingui! Por quen te tomará a xente cando te vexan entrar nese antro! E encima onde traballa Paquita! Non había un garito peor. Non debes volver entrar aí, Angelines. Oíchesme? Se non, non haberá nada máis entre nós. Debería darche vergoña!

ANGELINES VEIGA: Non podes pedirme iso, Sonsoles! Veña, respóndeme!

SONSOLES BRAVO: Non che vou falar mentres non mo prometas!

(A iluminación volve ser normal. Cesa a música. ANGELINES senta nun recuncho PAQUITA FERREIRO achégase a ela.)

ANGELINES VEIGA: A que demos tiñas que vir hoxe aquí?

PAQUITA FERREIRO: Déixaas que falen. Dentro de cinco minutos estarán pensando noutra cousa.

ANGELINES VEIGA: Ti cres? E con Sonsoles, como o ves? Cres que me perdoará? E Elena Da Portela, que se ocupa das actividades recreativas da parroquia e é a presidenta da Súplica da Nosa Señora do Perpetuo Socorro! Cres que me seguirá falando? E as túas irmás, que non te soportan porque traballas nun club? Dígoche que non hai nada que facer! Nada! Nada!

ENCARNA FERREIRO: Paquita!

PAQUITA FERREIRO: Escóitame, Encarna. Nines está moi desgustada, así que polo menos imos intentar non discutir. Vin vervos e a pegar os cupóns, e vou quedar. Non teño a lepra! Se queres non volverei nunca máis. Pero non podo deixar soa a Angelines !

ANGELINES VEIGA: Podes irte se queres, Paquita.

PAQUITA FERREIRO: Non, eu quedo!

ANGELINES VEIGA: Moi ben, entón a que se vai son eu.

ELENA DA PORTELA: Podíanse ir xuntas!

(ANGELINES levántase.)

ANGELINES VEIGA: Vés? (*SONSOLES BRAVO non contesta*). Moi ben. Deixarei a porta aberta. (*Sae. Escuro. Foco sobre ANGELINES VEIGA*). É fácil xulgar á xente. Pero hai que coñecer as dúas caras da moeda!; A xente que eu atopei no club foron os meus mellores amigos! Con eles divírtome, con eles ríome! Mira que aprender a rir con cincuenta anos. Dádesvos conta? Aprendín a rir con cincuenta anos! E ademais de casualidade! Porque Paquita levoume unha tarde ao seu club! Eu non quería ir, e levoume a rastro! Cando cheguei, entendín o que significa pasar unha vida sen diversión. Non todo o mundo se divirte nos clubs, pero a min gústanme. Claro que me tomo unha copa! Bebo pouco, pero pñoome piripi en seguida. (*Pausa*) Deberíamos ter o dereito a divertirnos nesta vida! (*Pausa*). Sempre dixen que se me descubrían deixaría de ir ao club. Pero non serei capaz. Sonsoles non o aceptará nunca. (*Pausa*) Logo de todo, Sonsoles é máis importante que Paquita. (*Longo suspiro*) Adeus aos sonhos! (*Sae.*)

(Foco sobre LUISA PROADOLONGO.)

LUÍSA PRADOLONGO: A semana pasada foi a festa da miña cuñada Irene Ceballos. Fixeron unha gran festa. Eramos un grupo extraordinario. Para empezar estaba toda a súa familia. O seu marido, Policarpo; ela, Irene Ceballos, e os seus sete fillos: María, Claudio, Sabela, Fernando, Fabio, Iria e Luís. E estaban os sogros: Guillermo Touza e a súa esposa Luz. E estaba tamén a nai da miña cuñada, Itziar Pascual. O seu pai, que é canadense, un tal Michel, non estaba porque está morto. E logo estaban todos os demais invitados: Xosé Ramón Pena, Laura Fernández tamén estaba alí, e Rudesindo Fernández, a quen lle din Sindo, Armando Guerra, Alfonso Sousa, Uxío Caride, Yolanda Arana, Angel Morandeira, Celso Veloso, que non paraba de falar da economía cun grupiño onde estaban, Vicente Becerra, Mercedes Feijoo, Manuel González, Mari Carmen Blanco, Bernardino Gándara, Manuela Escudero e, creo que tamén, Mari Carmen González. Pero non pensades que non había máis invitados, tamén estaban María Antonia Núñez, María José Parada, Amparo Armesto, Beatriz Vilas, Ángel Núñez, Alfonso García Suárez, María José Álvarez, María del Pilar Diz, Felisa Fouce, Araceli Villanueva, Lisardo Rei; Pilar Adrio e a súa prima Teresa, Manuel Sanjurjo, Ramón Vieitez, Salvador Álvarez, Xosé Luís Suárez, Xacinto Losada, Ana Rodríguez, Juana Fernández, Sara Cid, Ramona Fuentes co seu esposo Xosé Luís, Xosefa Goldar, Jose Antonio Troncoso, Anxo Rodríguez,... estes dous, non sei ben por que estaban falando en inglés, que nivel! Ben, se non me esquezo tamén estaban Sofía González, Encarnación Ríos, Xosé Manuel Torrado, Delmiro Rodríguez, Manuel Rosales, Isabel Seoane, Rafael Collazo, Magdalena González, José María Martínez, Fermín Novo, Matilde Picáns, Fátima Bodega e a súa tía Carmen, Almudena Vidal, Dolores Alonso, Juan Carlos Rodríguez e a súa muller Olegaria Mosqueda, Carmen Paio, Isabel Capelo, que simpática que trouxo a súa filla pequena Laura; outros invitados foron José Cándido Fernández, Francisco García, Jose Luís Gavino, Ana Díaz, Agustina Fernández, Manuel Fernández o catalán, Concepción Fernández, Nuria Justo, Inés Villanueva, Begoña Alonso, María Antonia Carrillo, Concepción Rúa, Puri Villarino, Mari Carmen Gómez, Luís Hermida, dos Deluis, Emilio Mandado, Manuel Rico, Tomé Sanagostín o meu marido Eustaquio, e eu. Ben, eses eramos, máis ou menos...

(Acéndense as luces.)

ENCARNA FERREIRO: Ben, Que? Seguimos?

ROSA FERREIRO: Veña! Cun pouco de alegría!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Non está mal, non? Mirade todos os que peguei xa.

PILAR FARTO: (*Polo baixo, para que Encarna non oia.*) Máis os que roubaches!^a

ELENA DA PORTELA: Páseme uns cupóns, Encarna.

ENCARNA FERREIRO: Ah! Si, claro? Teña este montón.

SONSOLES BRAVO: Angelines! Angelines! Como é posible!?

LINDA RAMOS FERREIRO (a PAQUITA): Ola tía!

PAQUITA FERREIRO: Ola, Como che vai?

LINDA RAMOS FERREIRO: Pois, non moi ben. Discutindo coa miña nai todo o tempo, xa estou negra. Sempre á disputa por calquera cousa. Se puidera marchar...

ENCARNA FERREIRO: Os exercicios espirituais van empezar dentro dun pouco, non?

ROSA FERREIRO: Dixérono na Misa do domingo.

PILAR FARTO: Espero que non veña o cura do ano pasado.

LUÍSA PRADOLONGO: Eu tamén! Non me gustou nada. Case morro de aburrimiento!

PAQUITA FERREIRO: (*A Linda.*) E quen che prohíbe marchar? Podes vir comigo...

LINDA RAMOS FERREIRO: Nin o penses! Non volverían mirarme á cara!

ELENA DA PORTELA: Non, este ano vén outro.

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Ah! E quen vén?

ELENA DA PORTELA: Un tal Padre da Pena. Din que é excepcional! O padre Costa, o outro día, díxome que precisamente é un dos seus mellores amigos...

ROSA FERREIRO: (a VALENTINA) Xa empeza outra vez co Padre Costa! Temos para toda a noite! Está colgadiña por el! Que se o Padre Costa por aquí, que se o padre Costa por alá...Bah! Pois a min este Padre Costa non me gusta un pelo.

VALENTINA FERREIRO: Nin a min! É un pouco esaxerado este interese. Está ben ocuparse das tarefas da parroquia, pero non hai que esquecer que é un cura. Un home de Deus!

ELENA DA PORTELA: Si, é un santo. Deberían coñecelo, gustaríalles moitísimo. Cando el fala, é coma se escoitase a voz de Deus!

MAITE BATALLÁN: Non hai que esaxerar.

ELENA DA PORTELA: Dígollo en serio! Os nenos adóranos! Por certo. Os nenos da parroquia organizan unha festa o próximo mes. Espero que veñan todas. Será unha velada extraordinaria! Levan meses preparándoo todo...

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: E que farán exactamente?

ELENA DA PORTELA: Oh, será precioso! Haberá actuacións de todo tipo. Almudena Ribeiro fará unha mostra de natación sincronizada... Faremos a festa xunto á piscina municipal...

PILAR FARTO: E haberá premios de consolación?

ELENA DA PORTELA: Claro, faltaría máis! E despois terminaremos a velada cun gran Bingo!

As DEMAIS MULLERES (*Menos as catro mozas*): Un bingo!

CATALINA DAPENA: Bingo! Bingo! Bingo!

(Cantando.) “Quero xogar ao bingo!”, adaptación de La bamba.

*Quero xogar ao bingo
Quero xogar ao bingo, faime moi
feliz!
Volvo a ser unha nena!
O meu corazón palpita sen control,
Ai, que empeza, que empeza
Ai, que empeza, que empeza, que
devoción...
Quero xogar, quero xogar!*

*As bolas van ao bombo,
Os Cartóns e as lentellas van
repartir,
Son moi feliz, son moi feliz!*

*Bingo, bingo // Bingo, bingo //
Bingo, bingo...*

*Números vou tachando,
Números vou tachando, sen
respirar
E imaxino que gaño,
Estalo cos nervios, quero gañar,
Ai! Que quero, que quero!*

(Música)

*Quero xogar ao bingo
O número catorce é un número
fatal
O moi canalla non sae
Só me falta el para concluír
E resiste e resiste,
Resístese a saír, non o vou
consentir!
Quero gañar!, quero gañar!*

*Bingo, bingo // Bingo, bingo //
Bingo, bingo // Bingo, bingo...*

(Música.)

*Quero xogar ao bingo
Quero xogar ao bingo, faime moi
feliz!
Volvo a ser unha nena!
Pásame un cartón e ponme un
chinchón,
Ai, que empeza, que empeza
Ai, que empeza, que empeza, que
devoción...
Quero xogar, quero xogar!!!!!!!*

Cambia a disposición das mesas no escenario.

(Iluminación xeral.)

ROSA FERREIRO: Vaia, empezo a ter sede.

ENCARNA FERREIRO: Deus, é verdade, as bebidas! Linda, trae as Coca-Colas!

CATALINA DAPENA: Coca, Coca, si, si, Coca...

MAITE BATALLÁN: Acougue señora Catalina, que vai ter a súa Coca-Cola, como todas as demais. Pero ten que bebela como Deus manda, eh? Sen os arrotos do outro día, eh?

ROSA FERREIRO: Atácame os nervios esta sogra?

VALENTINA FERREIRO: Rosa xa está ben! Xa tivemos bastante.

ENCARNA FERREIRO: Veña, tranquilízate! E pega os cupóns! Non estás facendo nada!

(Foco sobre o frigorífico. A escena seguinte debe transcorrer diante da porta do frigorífico.)

MARIBEL PINTELOS (A Linda): Temos que falar.

LINDA RAMOS FERREIRO: Seino, dixéchesmo aquí e dixéchesmo no restaurante. Pero agora non.

MARIBEL PINTELOS: Necesito dicirllo a alguén. Es a miña mellor amiga, Linda, e tes que ser a primeira en sabelo. Estou moi mal... Linda, Estou embarazada!

LINDA RAMOS FERREIRO: Que! Estás tola? Estás segura?

MARIBEL PINTELOS: Díxomo o médico.

LINDA RAMOS FERREIRO: Que vas facer?

MARIBEL PINTELOS: Non o sei! Estou asustada! Aos meus pais non lles dixen nada. O meu pai mátame! Cando mo dixo o médico pensei en tirarme polo balcón!

PAQUITA FERREIRO: Maribel, escoita?

LINDA RAMOS FERREIRO: Estabas oíndo?

PAQUITA FERREIRO: Si. Mala cousa filla. Pero... Eu podería axudarche.

MARIBEL PINTELOS: Ah si? Como?

PAQUITA FERREIRO: Ben, coñezo a unha comadroa...

LINDA RAMOS FERREIRO: Non estarás pensando niso, Tía Paquita!

PAQUITA FERREIRO: Veña, non é perigoso! Faino dúas ou tres veces á semana.

MARIBEL PINTELOS: Estiven pensándoo... Pero non coñecía a ninguén de confianza... E ademais tiña medo de intentalo eu soa.

PAQUITA FERREIRO: Non, iso nunca! Pero coa miña comadroa... Se queres encárgome eu. De aquí a unha semana, todo arranxado.

LINDA RAMOS FERREIRO: Bel, non se che ocorrerá aceptar? É delito!

MARIBEL PINTELOS: E que queres que faga? Este neno non pode nacer! Viches o que lle pasou a Carme Brisabranca? Agora está cun neno no colo e sen saber que facer!

LINDA RAMOS FERREIRO: E non podes casar co pai da criatura?

MARIBEL PINTELOS: Esfumouse! Con todo o que me prometera! Iamos ser moi felices xuntos. Gañaba diñeiro a esgalla, e perdín a cabeza por el coma unha idiota. Agasallos por aquí, agasallos por alá... Goceno, pero por pouco tempo. Por que me tiña que pasar a min iso? Nunca teño boa sorte! Sempre me toca a min o cubo de merda na cabeza! Quero saír desta miseria. Non podo seguir traballando no California! Quero chegar a algo na vida, comprendes, quero chegar a algo! Quero ter un Seiscentos, unha casa bonita, roupa elegante. Só podo vestir o uniforme do bar. Deus. Sempre fun pobre, toda a miña vida estiven a dúas velas, pero xa está ben, quero cambiar. Vin ao mundo pola porta de atrás, pero vou saír pola porta principal. Nada mo impedirá. Xa me dirás se non teño razón, Linda. Espera dous ou tres anos e verás como Maribel Pintelos chega a ser alguén. Vou ter moita pasta.

LINDA RAMOS FERREIRO: Mal empezas!

MARIBEL PINTELOS: Equivoqueime e quero empezar de novo. Paquita, ti enténdesme, verdade?

PAQUITA FERREIRO: Si, enténdote. Sei o que é querer ter diñeiro. Eu, á túa idade xa me fora da casa para ter cartos. Pero non empecei traballando en calquera garito, non.

De seguida empecei a traballar no club. E alí si que podes facer moito diñeiro. Pronto terei os meus bos aforros... Juanito prometeumo...

ROSA, VALENTINA: Miserable Juanito! Miserable Juanito!

ENCARNA FERREIRO: Que pasa aquí!

MARIBEL PINTELOS: Nada, nada. *(A Paquita)* Xa falaremos...

PAQUITA FERREIRO: Tranquila, que seguimos falando. (!!)

ENCARNA FERREIRO: Veñen ou non veñen os refrescos?

LINDA RAMOS FERREIRO: Xa están aquí, xa están aquí...

(As luces volven acenderse.)

VALENTINA FERREIRO: Canto che custou o traxe azul, Rosa?

ROSA FERREIRO: Cal?

VALENTINA FERREIRO: Xa sabes cal, o traxe azul co reberete branco no colo.

ROSA FERREIRO: Ah! Ese? Custoume trescentas noventa e nove pesetas con noventa e oito céntimos...

VALENTINA FERREIRO: Xa me parecía! Fíxate que o vin hoxe en Galerías a seiscentas pesetas con noventa e oito.

ROSA FERREIRO: Que tolemia! Xa dicía eu que non pagara moito...

VALENTINA FERREIRO: Que fodida! Es a mellor atopando choios!

ELENA DA PORTELA: A miña filla Pepita cambiou de traballo hai pouco. Agora está en Induyco.

PILAR FARTO: Ah si? Din que é a mellor do sector, pero teñen unhas máquinas que esnaquizan os nervios. As rapazas cambian de traballo aos seis meses. A miña afillada tivo un esgotamento nervioso. A miña comadre Concha chamoume esta mañá para contarmo...

ROSA FERREIRO: Deus, agora que o penso, Linda, tiñas unha chamada...

(LINDA abalánzase sobre o teléfono.)

LINDA RAMOS FERREIRO: Roberto? Levas moito esperando?

MAITE BATALLÁN: Teña, esconda estes, señora Catalina!

ROSA FERREIRO: *(A MARIBEL PINTELOS, que reparte as Coca- Colas)* Como van as cousas na túa casa, Maribel?

MARIBEL PINTELOS: Bah! Coma sempre. Zúrranse dabondo. Non é novo. Mamá segue bebendo. Papá enfádase. Un desastre. A historia de nunca acabar.

ROSA FERREIRO: Pobriña. E a túa irmá?

MARIBEL PINTELOS: Susana? É o lince da casa! É a única que conta. “É moi boa moza. Ela si que triunfou na vida. Deberías imitala”. Eu non conto. Sempre a quixeron máis ca min. Seino. E agora desde que é mestra de escola, non vexas!

ROSA FERREIRO: Veña xa, Maribel, non desbarres?

MARIBEL PINTELOS: Sei o que digo. A miña nai nunca se ocupou de min. Susana sempre é a máis guapa, Susana sempre é a máis intelixente. Estou ata o moño de oílo a todas horas. Non lle importo a ninguén. Nin sequera a quen eu ben sei....

LINDA RAMOS FERREIRO: *(Ao teléfono.)* Pero Roberto... Non foi culpa miña! Virxe santa xa está ben! Chámame cando esteas de bo humor! *(Colga).* Podíasme dicir antes que tiña unha chamada! Púxome verde pola túa culpa, tía!

ROSA FERREIRO: Esta criatura é boba, pero boba do cu!

(Foco sobre PAQUITA FERREIRO)

PAQUITA FERREIRO: Cando me fun da casa estaba colada por el. Non entendía nada. Só me importaba Juanito. Este imbécil fíxome perder dez anos da miña vida! Só teño trinta anos e síntome coma se tivese sesenta. Este cabrón fíxome facer de todo. E eu, imbécil de min, seguinlle a corrente. Traballei para el, no club, durante dez anos! Eu era guapa, atraía aos clientes... Mentres durou, a cousa funcionaba. Pero despois o moi cabrón... Xa non podo máis! Tiraríame por unha ponte, pero a quen lle importaría? O único que me queda é emborracharme. E é o que fago, desde o venres. Pobre Maribel, ela quéixase de que está embarazada! Pero por Deus, polo menos é novo; doulle a dirección da comadrea e acabouse. Pode empezar de novo! Eu non! Son demasiado vella! Ninguén quere a alguén que se botou á vida durante dez anos! Acabouse! E encima intentar explicar todo isto ás miñas irmás? Non entenden nada! Xa sei o que vai pasar, seino perfectamente!

MARIBEL PINTELOS: *(Alén da cocíña.)* Non sei que farei ao final, non o sei! Non ten graza abortar! Oín cada historia! Pero facelo pola miña conta sería aínda peor, irei á comadrea que coñece Paquita. Ai! Por que sempre me pasan estas cousas? Paquita, en cambio, é afortunada; fai dez anos que traballa no club, gaña diñeiro, ten o seu amor... Como me gustaría ser coma ela! Aínda que a súa familia non a queira, polo menos ela é feliz!

PAQUITA FERREIRO: Tiroume como unha cabicha! “Fóra, acabouse, a-ca-bou-se. Non quero verte! Es demasiado vella, demasiado fea! Fai as maletas e lárgate! Non te necesito!” Ese porco non me deu nin un duro! Dez anos para nada! É para volverse tola, que vos parece? Como acabarei? *(Fala MARIBEL)* Camareira de segundo nivel, no California, como Maribel? ¡Ah, non! Nin falar! O California está ben para as novatas e as nais de familia, non para as que son coma min! E encima tócame disimular aquí coma se nada! Non podo dicirlles a Maribel e a Linda que estou acabada. *(Fala MARIBEL)* Si. Dareime á bebida, non me queda outra cousa... Menos mal que me gusta.

MARIBEL PINTELOS: *(Repetíndoo varias veces, durante o monólogo de PAQUITA.)* Teño medo, meu Deus, teño medo! *(Achégase a PAQUITA e bótase aos seus brazos)* Estás segura de que todo irá ben, Paquita? Se soubeses que medo teño!

PAQUITA FERREIRO: *(Ríndose).* Que si, muller, que si, todo irá ben, xa verás, todo irá ben...

(A iluminación volve ser normal.)

PILAR FARTO: *(A MARÍA DAS NEVES AMORÍN)* Xa non se está segura nin no cine. O outro día fun ver unha película de Charlton Heston. O meu marido quedou na casa. Na metade da película, un vello verde sentou xunto miña e empezou a tocarme! Imaxina como estaba eu de cabreada. Levanteime, e pegueille co bolso tan forte que lle partín a cara!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Fixeches ben. Eu cada vez que vou ao cine levo un alfinete de sombreiro. Polo si ou polo non. Nunca se sabe. E ao primeiro que se atreva a tocarme... Pero non me pasou nunca.

ROSA FERREIRO: As tías Coca Colas están no punto de cocción, Encarnita.

ENCARNA FERREIRO: Cando deixarás de criticar, eh? Cando?

MARIBEL PINTELOS: Linda, tes un lapis e un papel?

LINDA RAMOS FERREIRO: Maribel, por favor, non o fagas!

MARIBEL PINTELOS: Sei o que teño que facer!

SONSOLES BRAVO: *(A Maite Batallán)* Que estades facendo?

MAITE BATALLÁN: Cala! Non grites! Deberías facer o mesmo. Ninguén vai botar en falta dúas ou tres cartillas.

SONSOLES BRAVO: Pero eu non son unha ladroa!

MAITE BATALLÁN: Veña, señorita Bravo, non se trata de roubar. Ela conseguiu estes cupóns así, sen esforzo! E ademais, ten un millón. Un millón!

SONSOLES BRAVO: Son os que son! Invitounos a pegar os cupóns e non é motivo para darlle un sabrazo.

ENCARNA FERREIRO: *(A Rosa)* De que están falando esas dúas? Non me gustan as que rosman... *(Achégase a SONSOLES e a MAITE.)*

MAITE BATALLÁN: *(Ve que encarna se aproxima.)* Oh... Pois si. Logo engádense dúas cuncas de auga e a remexer.

SONSOLES BRAVO: Que? *(Advertindo a presenza de ENCARNA).* Ah si! Estábame dando unha receita!

ENCARNA FERREIRO: Unha receita de que?

SONSOLES BRAVO: Arros con leite!

MAITE BATALLÁN: Un biscoito de chocolate!

ENCARNA FERREIRO: Xa vexo. Chulas ou biscoito? *(Regresa onde ROSA).* Aquí están pasando unhas cousas moi raras...

ROSA FERREIRO: *(Que acaba de esconder algunhas cartillas no seu bolso.)* Que dis, iso son cousas túas...

ENCARNA FERREIRO: Paréceme que Linda leva demasiado tempo falando coa súa tía Paquita! Linda, ven aquí...

LINDA RAMOS FERREIRO: Un momento, mamá.

ENCARNA FERREIRO: Díxenche que veñas aquí! Axiña, é para hoxe!

LINDA RAMOS FERREIRO: Vou. Sempre te enfadas por bobadas. Que pasa agora?

VALENTINA FERREIRO: Queda connosco un ratiño. Xa estiveches dabondo coa túa tía...

LINDA RAMOS FERREIRO: E? Non podo?

ENCARNA FERREIRO: Que tes ti que falar tanto coa túa amiga Maribel?

LINDA RAMOS FERREIRO: Ah? Nada.

ENCARNA FERREIRO: ¡Responde como Deus manda cando se che pregunte!

VALENTINA FERREIRO: Maribel escribiu algo, hai un intre.

LINDA RAMOS FERREIRO: Era unha dirección...

ENCARNA FERREIRO: Non me digas que colliches a dirección de Paquita! Se me decatou que estiveches na casa da túa tía, vaste ver comigo. Está claro?

LINDA RAMOS FERREIRO: Déixame en paz! Xa teño idade para saber o que teño que facer!

(LINDA volve xunto a PAQUITA.)

ROSA FERREIRO: Poida que non sexa asunto meu, Encarna, pero...

ENCARNA FERREIRO: E agora que pasa?

ROSA FERREIRO: A túa filla Linda vai por mal camiño...

ENCARNA FERREIRO: Seino moi ben. Pero ti non te preocupes, Rosa, xa me encargo eu. Xa verás como volve ao curro, e sen dar que falar...É a última vez que Paquita pon o pé nesta casa. Bótoa fóra sen miramentos dándolle coa vasoira!

PILAR FARTO: Fixástesvos como engordou a filla da señora Pastor?

ELENA DA PORTELA: Si que o notei, si.

MAITE BATALLÁN: Quen lle fixo ese encargo?

ELENA DA PORTELA: Sería o seu padrasto.

LUÍSA PRADOLONGO: Non me estrañaría nada. Faille as beiras desde que casou coa súa nai!

MAITE BATALLÁN: Oh, que panorama debe haber nesa casa. Pobre Mónica, tan nova...

ROSA FERREIRO: Ela buscouno. Por vestir como viste, que hai que ter un pouquiño de decencia.

LUÍSA PRADOLONGO: É certo. A min o pasado verán, deume vergoña e díxenllo. E non son unha beata. Acordádesvos daqueles pantalóns vermellos? Aquilo era un cinto ancho! Sempre dixen que Mónica Pastor acabaría mal. Esa moza ten o demo metido no corpo.

PILAR FARTO: E ademais, é unha comunista.

ELENA DA PORTELA: Nas películas americanas, as nais que son novas dan pena.

(MARIBEL PINTELOS fai un xesto para marcharse.)

PAQUITA FERREIRO: Tranquila, déixao estar, Maribel!

ROSA FERREIRO: Perdoade, pero unha non vai a horta co primeiro que pasa! As violacións son outra cousa, non digo que non. Pero non sei por que hai que ter compaixón das que quedan preñadas, así como así. É culpa súa! Como a miña Lolita veña con bombo a casa, tíroa pola fiestra sen contemplacións. Pero iso non vai pasar, a miña Lolita é moi decente! As nais solteiras son unhas pobres viciosas que van detrás dos homes. O meu marido chámalles... Quenta-carallos!

MARIBEL PINTELOS: Como siga mátoa!

PAQUITA FERREIRO: Estaste pasando, Rosa!

ROSA FERREIRO: A ti isto parecerache normal. Pero a nós non. E máis cando se pode evitar...

PAQUITA FERREIRO (*Ríndose*): Hai moitas formas de evitalo. O condón, por exemplo...

ROSA FERREIRO: Ves como non se pode falar contigo? Non quería dicir iso. Xa sabes que non estou a favor do amor libre. Son católica! Queda no teu mundo e déixanos en paz. Maldita bruxa!

ELENA DA PORTELA: Eu creo que esaxera, Dona Rosa. Ás veces non é culpa delas. Pobres...

ROSA FERREIRO: Vostede cre todo o que din nas películas americanas, pero eu non o vexo así. Para nada!

ELENA DA PORTELA: Que ten en contra das películas americanas?

ROSA FERREIRO: Nada. Só que me gustan máis as nosas. As películas americanas son demasiado alouçadas, dan mal exemplo. Non hai que crer o que din. Nelas as nais solteiras dan pena sen motivo. Non teñen culpa de nada! Coñeces algún caso así? Eu ningún! O cine é o cine, e a vida, a vida!

MARIBEL PINTELOS: Eu mato a esta **beata!** Maldita resentida! Atrévase a opinar do que non entende... A súa Lolita, precisamente, coñézoa eu, e asegúrovos que non vale un peso. Debería varrer cara dentro, e non cagala en casa allea!

(*Foco sobre ROSA FERREIRO*)

ROSA FERREIRO: Si, a vida é a vida, e ningunha maldita película americana será capaz de describila. Ai! Que fácil debe ser para unha actriz provocar a compaixón nunha película! Xa o creo. Cando termina de traballar, cada tarde, volve á súa casa de cen mil calas e tómbase nunha cama que é de grande como o dobre do meu cuarto! Pero nós... (*Pausa*) Ao espertar el sempre está aí mirándome... Espérame. Todos os días como Deus manda, vaise á cama antes ca min e espérame. Sempre está aí, sempre encima miña, sempre pegado a min como unha lapa! Hostia! Isto non o contan nas películas! (*Pausa*) Arrepíntome, xa o creo que me arrepinto. Non tiña que terme casado! Tiña que espertar un “non” de viva voz, e quedar solteira! Polo menos agora estaría tranquila! Pero naquela época era unha inxenua e non sabía o que me esperaba! Eu, imbécil, pensaba só na “Santa Unión do Matrimonio”! Hai que ser animal para educar aos fillos nunha ignorancia como esa! Pero a miña Loliña non poderá dicir que non llo advertín. (*A piques de chorar.*) Cando cumpres corenta e dáste conta de que non tes nin pasado nin futuro... Éntranche unhas ganas de deixalo todo e volver empezar! Pero as mulleres non podemos facelo... As mulleres estamos collidas polo pescozo e así nos quedaremos ata o final!

(*Iluminación xeral*)

VALENTINA FERREIRO: De todos xeitos a min gústanme as películas americanas. Sobre todo as de chorar. Aínda que eu non necesito moito para moquear. Ademais, os americanos son moito máis guapos que os nosos homes.

ENCARNA FERREIRO: Iso si que non. Estás moi equivocada!

PILAR FARTO: Os americanos non paran de mascar chicle. E coa boca aberta! Ademais, eu creo que moitos deses artistas logo son maricas...

LUÍSA PRADOLONGO: Perdoádeme, pero hainos que son moi homes. Moito máis homes que os nosos pobres maridos!

ELENA DA PORTELA: Vale, pero só se tomas como exemplo aos nosos maridos! Aquí estamos mesturando churras con meiriñas! Cos nosos maridos está claro que non hai comparación, pero colle aos nosos actores e verás que son tan guapos e tan bos como calquera americano de Norteamérica!

VALENTINA FERREIRO: De todos os xeitos eu a Gregory Peck non lle puña reparos... Iso é un home!

CATALINA DAPENA: Coca? Coca? Unha máis? Coca?

ROSA FERREIRO: Cale un momento, señora Catalina!

CATALINA DAPENA: Coca! Coca!

ROSA FERREIRO: Faina calar un pouco, que aquí non se pode nin pegar os cupóns en paz! Encarna, dálle unha Coca Cola e péchaslle o pico!

ENCARNA FERREIRO: Creo que xa non quedan...

PAQUITA FERREIRO: Virxe Santa, que poucas compraches! Estamos aforrando?

SONSOLES BRAVO: (*Roubando cupóns*) Total, só me faltan tres para o cubo do lixo esmaltado.

(*Entra ANGELINES VEIGA.*)

ANGELINES VEIGA: Boas tardes (*A Sonsoles*) volvín...

AS DEMAIS: (*Secas*) Boas tardes.

ANGELINES VEIGA: Fun ver ao padre prior dos Palacios...

PAQUITA FERREIRO: A min ese nin me mira!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Que quererá agora da señorita Bravo?

PILAR FARTO: Estou segura de que vén pedirlle perdón. Xa verás como todo se resolve.

ENCARNA FERREIRO: Mentres, vou ver cantas cartillas enchemos.

(*As mulleres sentan nas súas respectivas cadeiras. VALENTINA FERREIRO dubida, logo...*)

VALENTINA FERREIRO: Ah Encarna, esquecera dicirche unha cousa! Atopei unha modista! Chámase Conchita Gil! Ven que cho conte!

SONSOLES BRAVO: Sabía que volverías, Angelines. Estou moi contenta. Verás, rezaremos xuntas e Deus esquecerá todo isto moi pronto. Deus está en todo e todo o ve.

MARIBEL PINTELOS: Mira Paquita, están facendo as paces!

PAQUITA FERREIRO: Hai que foderse!

ANGELINES VEIGA: Mentres, vou saudar a Paquita, e vouullo explicar?

SONSOLES BRAVO: Non, mellor non o menees máis. Queda aquí comigo e déixaa en paz. Isto acabouse!

ANGELINES VEIGA: Moi ben, como queiras.

PAQUITA FERREIRO: Isto é o que hai: gañou ela! Que fago eu aquí? Que noxo! Quítome do medio!

ENCARNA FERREIRO: Fuches moi amable, Tina. Empezaba a perder a paciencia. Non podó encargar unha faixa á primeira que pasa. Irei a semana que vén. (*Diríxese cara á caixa coas cartillas. As mulleres séguena coa mirada.*) ¡Deus santo, pero se tiña que estar todo aquí! Onde están as cartillas?

As DEMAIS: Eh... Ben.... Non sei.... A verdade....

(*Elas fan coma se buscasen as cartillas. ENCARNA plántase diante da porta.*)

ENCARNA FERREIRO: Onde están os meus cupóns?

ROSA FERREIRO: Veña, Encarna, busca un pouco máis!

ENCARNA FERREIRO: Non están nas caixas, non están na mesa! Quero saber onde están os meus cupóns!

CATALINA DAPENA: (*Sacando todos os cupóns que ten escondidos entre a roupa*) Cupóns? Cupóns... Cupóns... (*Ri.*)

MAITE BATALLÁN: Señora Catalina, escóndaos. Pero polo amor de Deus, Señora Catalina!

PILAR FARTO: Ave María Purísima!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Reza por nós!

ENCARNA FERREIRO: Pero se lle saen da faixa! Que é isto, se ten cupóns por todas partes! Mira, mira... Maite... Espero que non sexas ti...

MAITE BATALLÁN: Como! Xúroche que non sabía nada!

ENCARNA FERREIRO: Ensíname o teu bolso!

MAITE BATALLÁN: Esperaba que tiveses máis confianza en min, Encarna.

ROSA FERREIRO: Encarna, estás esaxerando!

ENCARNA FERREIRO: Ti tamén, Rosa, quero ver o teu bolso! Quero ver os bolsos de todas! De toda esta panda!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Négome! É a primeira vez na miña vida que me faltan ao respecto deste xeito!

LUÍSA PRADOLONGO: É increíble!

ELENA DA PORTELA: Non volverei poñer o pé nesta casa!

(*ENCARNA FERREIRO apodérase do bolso de MAITE e ábreo. Saca varias cartillas.*)

ENCARNA FERREIRO: Sabíao! Raposas miserables! Non sairedes vivas de aquí! Vouvos a matar a todas!

PAQUITA FERREIRO: Eu axúdoche, Encarna! Que panda de ladroas porcallanas!

ENCARNA FERREIRO: Ensinádeme todos os bolsos! (*Arrinca o bolso a ROSA*) Mira... pero mira! (*Colle outro bolso*) E aquí tamén. Pero se hai máis! Vostede tamén, Sonsoles! Só hai tres cupóns, pero aquí están!

ANGELINES VEIGA: Como, Sonsoles! Ti tamén!

ENCARNA FERREIRO: Todas! Toda a panda! Todas sodes unhas ladroas repugnantes!

PILAR FARTO: Ti non necesitas estes cupóns!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Por que ti si e nós non?

ROSA FERREIRO: Xa nos fixeche bastante co teu millón de cupóns!

ENCARNA FERREIRO: Pero se son meus!

ELENA DA PORTELA: Deberían ser de todas!

As **DEMAIS:** Si, de todas!

ENCARNA FERREIRO: Pero son meus! Dádemos!

As **DEMAIS:** Nunca!

PILAR FARTO: Aínda quedan nas caixas, a por eles!

MARÍA DAS NEVES AMORÍN: Imos, si!

LUÍSA PRADOLONGO: Eu encho o bolso!

ENCARNA FERREIRO: Basta! Non os toquedes!

MAITE BATALLÁN: Teña, señora Catalina, así. Tome estes tamén.

PILAR FARTO: Vamos, señorita Amorín, que quedan unha chea. Axúdeme.

PAQUITA FERREIRO: Déixaos agora mesmo!

ENCARNA FERREIRO: Os meus cupóns! Os meus cupóns!

ROSA FERREIRO: Bótame unha man, Tina, que collín demasiados!

ENCARNA FERREIRO: Os meus cupóns! Os meus cupóns!

(Comeza unha batalla campal. As mulleres rouban todos os cupóns que poden. PAQUITA e ENCARNA intentan detelas. LINDA e MARIBEL permanecen sentadas nun recuncho, mirando a escena sen moverse. Escóitanse berros, algunhas mulleres empezan a pegarse.)

PILAR FARTO: Estes son meus!

ROSA FERREIRO: Mentos, son meus!

ELENA DA PORTELA: *(A Tina.)* ¡Quítame as mans de encima!

(Comezan a lanzarse cartillas de cupóns ao aire. Todas, a cal máis, collen cupóns das caixas, lanzándoos por todas partes.)

ENCARNA FERREIRO: As miñas irmás! As miñas propias irmás! Os meus cupóns! Deus! Os meus cupóns! Non me queda nada! Nada! Nada! A miña casa nova! Os meus preciosos mobles! Nada! Os meus cupóns! Os meus cupóns!

(PAQUITA rodea cos brazos as costas de ENCARNA.)

ENCARNA FERREIRO: Non me fales! Vaite! Non es mellor que as demais!

PAQUITA FERREIRO: Pero..

ENCARNA FERREIRO: Vaite, xa non soporto verte!

PAQUITA FERREIRO: Pero se te defendín! Estou contigo, Encarna!

ENCARNA FERREIRO: Vaite e déixame en paz, ti e todas! Non quero ver a ningún!

LINDA RAMOS FERREIRO: Que desfeita! Quen limpará todo isto!

(CATALINA DAPENA sae da súa cadeira de rodas e entoa o “Himno da esperanza”.)

(ENCARNA comeza a recoller os cupóns que quedan. Chora e chora. Escóitase ao resto das mulleres cantado o “Himno da esperanza”. A medida que soa, ENCARNA recupera o valor e acaba cantando coas demais, de pé, con bágoas nos ollos...)

HIMNO DAS MULLERES.

Adaptación da canción homenaxe aos anarquistas *Sacco e Vanzetti*, de Joan Baez.

Ven muller e impón outro plan,
que o mundo pide cambiar.
Imos baleirar de veneno a mañá:
maldade, envexa hai que expulsar.

Ven muller, entusiasta da paz!
Disposta sempre, sabendo esperar.
Conduce a túa alma con sensatez;

fraqueza e tristeza non nos van
vencer.

Ven muller, debes confiar!
Quen o persegue o triunfo terá!
Cremos no amor, a liberdade e a paz;
temos valor, e o imos lograr.



COMADRES

Terceiro Borrador, 18 de MAIO do 2009.

A estrea foi o 6 de xuño de 2009, no Paraninfo do Santa Irene.

Responsables de Spasmo Santa Irene: Araceli, Sindo e Bernardino.